



**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONCELLO PLENO DO DÍA 29 DE ABRIL DE 2019.**

**ASISTENTES:**

**Alcalde-presidente**

D. XOSE CARLOS VALCARCEL DOVAL (PSdeG-PSOE)

**Concelleiros/as**

D. VICTORIA MORENZA DOFORNO (PSdeG-PSOE)

D. MARGARITA PEREZ FERNANDEZ (PSdeG-PSOE)

D. JOSE RAFAEL SIERRA CARRIL (PSdeG-PSOE)

D. ADRIAN VARELA VAZQUEZ (PSdeG-PSOE)

D. XOSE MANOEL FIRVIDA PLAZA (BNG)

D. ANXELA GONZÁLEZ CID (BNG)

D. SERAFIN NÚÑEZ PEREZ (BNG)

D. M<sup>a</sup> CONSUELO VISPO SEARA (PP)

D. MANUEL GONZÁLEZ VÁZQUEZ (PP)

D. JUAN CARLOS VILLANUEVA FERNÁNDEZ (PP)

D. NIEVES CARRIL GÓMEZ (PP)

D. MANUEL ANGEL FERNÁNDEZ QUINTAS (PP)

D<sup>a</sup> MIRIAM PRIETO VALDES (PP)

D.<sup>a</sup> SANTIAGO GONZÁLEZ PEITEADO (DO)

D.<sup>a</sup> SERAFINA VARELAS VIEIRIA (DO)

D. RAMÓN PADRÓN CALVIÑO (GRUPO MIXTO)

**Secretaria**

D<sup>a</sup> SILVIA ALONSO

*No salón de Plenos da Casa do concello de Barbadás, sendo as 10 horas do día 29 de ABRIL de 2019 reúnese en sesión extraordinaria, en primeira convocatoria, o concello Pleno, baixo a presidencia do Sr. alcalde, coa asistencia dos Sres./as. concelleiros/as. Relacionados na marxe, actuando como secretario, Silvia Alonso*

Comprobado que asiste quórum suficiente para a válida realización da sesión, o Sr. Presidente declara aberto o acto e, seguidamente procédese á análise dos puntos da orde do día.





**PARTE RESOLUTIVA**

**1. SORTEO DAS MESAS ELECTORAIS PARA AS ELECCIÓNS MUNICIPAIS**

**O Sr. Alcalde toma a palabra:** Bos días a todos e a toda. Benvidos a este pleno extraordinario no que trataremos o sorteo, ou se realizará o sorteo das mesas electorais para as eleccións municipais, que é obrigado telo hoxe, e posteriormente celebraremos o debate sobre os orzamentos do ano 2019. Antes de nada darlle as grazas a todos os traballadores da administración, que participaron coma representantes no proceso electoral de onte. Pasamos ao sorteo.

**A Sra. Secretaria toma a palabra:** Eloy, procede.

**DISTRITO: 01 SECCIÓN: 001 MESA: A**

**ASOCIACIÓN FONVAL DE PENSIONISTAS E XUBILADOS**

PRESIDENTE/A: EVA CARBALLO CADAYA

PRESIDENTE/A SUPLENTE 1º: SANDRA ESTELBINA GRINION HENDRICKS

PRESIDENTE/A SUPLENTE 2º: ESTRELLA GARRIDO CALVIÑO

O/A VOGAL 1º: SOFIA GARCIA TORRE DE LA

O/A VOGAL 1º SUPLENTE 1º: DELMIRA FERNANDEZ FERNANDEZ

O/A VOGAL 1º SUPLENTE 2º: Mª JOSE GOMEZ SALGADO

O/A VOGAL 2º: CRISTINA Mª FERNANDES RODRIGUES DO VALE

O/A VOGAL 2º SUPLENTE 1º: JOSE CARLOS GONZALEZ BORRAJO

O/A VOGAL 2º SUPLENTE 2º: Mª DOLORES FEIJOO ALVAREZ

**DISTRITO: 01 SECCIÓN: 001 MESA: B**

**ASOCIACIÓN FONVAL DE PENSIONISTAS E XUBILADOS**

PRESIDENTE/A: LIDIA JUSTO CASADO

PRESIDENTE/A SUPLENTE 1º: ELENA LAMAZARES VILA

PRESIDENTE/A SUPLENTE 2º: NESON ANGEL PEREZ VARONA

O/A VOGAL 1º: FRANCISCO JAVIER SAMPRIMITIVO CORZO

O/A VOGAL 1º SUPLENTE 1º: ANA NURIA RODRIGUEZ RODRIGUEZ

O/A VOGAL 1º SUPLENTE 2º: Mª DOLORES VILLAR PEREZ

O/A VOGAL 2º: GERARD PRIETO GINZO

O/A VOGAL 2º SUPLENTE 1º: CARMEN GLORIA RODRIGUEZ DIAZ

O/A VOGAL 2º SUPLENTE 2º: MARTA VIDAL ADAN





**DISTRITO: 01 SECCIÓN: 002 MESA: A**

**LOCAL SOCIAL**

PRESIDENTE/A: OSCAR FERNANDEZ SALGADO

PRESIDENTE/A SUPLENTE 1º: SILVIA Mª PEÑA PEREZ

PRESIDENTE/A SUPLENTE 2º: JOSE ANTONIO OCAMPO SANCHEZ

O/A VOGAL 1º: ROSA Mª GONZALEZ GOMEZ

O/A VOGAL 1º SUPLENTE 1º: ROBERTO CARLOS LOPEZ PROL

O/A VOGAL 1º SUPLENTE 2º: JUAN CARLOS SAINZ VILLARINO

O/A VOGAL 2º: DAVID SOTELO LOPEZ

O/A VOGAL 2º SUPLENTE 1º: Mª SOL REYES RODRIGUEZ DOPAZO

O/A VOGAL 2º SUPLENTE 2º: DANIEL FAILDE BALEA

**DISTRITO: 01 SECCIÓN: 002 MESA: B**

**ASOCIACIÓN DE VECIÑOS**

PRESIDENTE/A: RICARDO JOSE FERNÁNDEZ GARRIDO

PRESIDENTE/A SUPLENTE 1º: ADRIAN RODRIGUEZ CORTEGOSO

PRESIDENTE/A SUPLENTE 2º: FATIMA ALVAREZ FERNANDEZ

O/A VOGAL 1º: IAGO QUINTAS FERNANDEZ

O/A VOGAL 1º SUPLENTE 1º: Mª CRISTINA BARRIO MANGANA

O/A VOGAL 1º SUPLENTE 2º: MIGUEL FERREIRO GARCIA

O/A VOGAL 2º: ASTOU SEYE NDIAYE

O/A VOGAL 2º SUPLENTE 1º: ANA ISABEL RODRIGUEZ ALVAREZ

O/A VOGAL 2º SUPLENTE 2º: JOSE ANTONIO RODRIGUEZ LOSADA

**DISTRITO: 01 SECCIÓN: 002 MESA: C**

**LOCAL SOCIAL**

PRESIDENTE/A: CARLOS SANCHEZ JUSTO

PRESIDENTE/A SUPLENTE 1º: ROSA Mª JUSTO GONZALEZ

PRESIDENTE/A SUPLENTE 2º: Mª JESÚS RODRIGUEZ ALVAREZ

O/A VOGAL 1º: Mª DEL CARMEN ALVAREZ IGLESIAS

O/A VOGAL 1º SUPLENTE 1º: JESUS Mª CID PADRÓN

O/A VOGAL 1º SUPLENTE 2º: Mª TERESA IGLESIAS LORENZO

O/A VOGAL 2º: LUISA Mª TEIXEIRA CARDOSO





CONCELLO DE BARBADÁS

O/A VOGAL 2º SUPLENTE 1º: PABLO SOTO SANCHEZ

O/A VOGAL 2º SUPLENTE 2º: LUCIA REMUIÑAN CARRILLO

**DISTRITO: 01 SECCIÓN: 003 MESA: A**

**COLEXIO PUBLICO FILOMENA DATO**

PRESIDENTE/A: Mª JESUS GONZALEZ GONZALEZ

PRESIDENTE/A SUPLENTE 1º: TERESA FONTAO BANDE

PRESIDENTE/A SUPLENTE 2º: MONTSERRAT FERRER GOMEZ

O/A VOGAL 1º: ANDREA DIZ EXPORTA

O/A VOGAL 1º SUPLENTE 1º: JOSE ANTONIO GANDARA PEREZ

O/A VOGAL 1º SUPLENTE 2º: ALFONSO DIAZ EBRA

O/A VOGAL 2º: MANUEL ANGEL FERNÁNDEZ QUINTAS

O/A VOGAL 2º SUPLENTE 1º: JOSE MANUEL CASTRO VAZQUEZ

O/A VOGAL 2º SUPLENTE 2º: RAQUEL DIAZ FERNÁNDEZ

**DISTRITO: 01 SECCIÓN: 003 MESA: B**

**ASOCIACIÓN FONVAL DE PENSIONISTAS E XUBILADOS**

PRESIDENTE/A: DOLRES ESTHER MONTERO NUÑEZ

PRESIDENTE/A SUPLENTE 1º: MARIA SEARA RODRIGUEZ

PRESIDENTE/A SUPLENTE 2º: ANTONIO SOUSA SOUSA

O/A VOGAL 1º: Mª SOCORRO PRIETO RODRIGUEZ

O/A VOGAL 1º SUPLENTE 1º: JAVIER UGARTE GARCIA

O/A VOGAL 1º SUPLENTE 2º: JULIA SALGADO RODRIGUEZ

O/A VOGAL 2º: JULIO PRIETO FERNANDEZ

O/A VOGAL 2º SUPLENTE 1º: PROFIRIO MENDEZ DOMINGUEZ

O/A VOGAL 2º SUPLENTE 2º: CONCEPCIÓN QUINTAS PEREZ

**DISTRITO: 01 SECCIÓN: 004 MESA: A**

**CENTRO MÉDICO**

PRESIDENTE/A: JORGE FÉLIX JUNCO GONZALEZ

PRESIDENTE/A SUPLENTE 1º: ISAAC YAÑEZ FREIRE

PRESIDENTE/A SUPLENTE 2º: AVELINA FORNEIRO RODRIGUEZ

O/A VOGAL 1º: ERIKA DUARTE FERRO

O/A VOGAL 1º SUPLENTE 1º: RAQUEL SOUSA BALVIS





CONCELLO DE BARBADÁS

O/A VOGAL 1º SUPLENTE 2º: ANDRE ALONSO COUGIL

O/A VOGAL 2º: PABLO TABOADA FERNANDEZ

O/A VOGAL 2º SUPLENTE 1º: PAULO JORGE DUARTE FERREIRA

O/A VOGAL 2º SUPLENTE 2º: JOSE ANTONIO GONZALEZ ARAUJO

**DISTRITO: 01 SECCIÓN: 004 MESA: B**

**COLEXIO PUBLICO FILOMENA DATO**

PRESIDENTE/A: EVA FACHADO RUBIO

PRESIDENTE/A SUPLENTE 1º: MIGUEL BUIDE RODRIGUEZ

PRESIDENTE/A SUPLENTE 2º: ROBERTO GOMEZ CORBILLON

O/A VOGAL 1º: SUSANA GARCIA RODRIGUEZ

O/A VOGAL 1º SUPLENTE 1º: JOSEFA BEMBIBRE ESTEVEZ

O/A VOGAL 1º SUPLENTE 2º: DIEGO BARJA CONDE

O/A VOGAL 2º: SANDRA DORRIBO PRADO

O/A VOGAL 2º SUPLENTE 1º: MARTA GARCÍA CALVO

O/A VOGAL 2º SUPLENTE 2º: VIRGINIA ISABEL COHEN COLINA

**DISTRITO: 01 SECCIÓN: 004 MESA: C**

**COLEXIO PUBLICO FILOMENA DATO**

PRESIDENTE/A: FABIO SERRA NUNES

PRESIDENTE/A SUPLENTE 1º: MARTA MARINA LOPEZ RODRIGUEZ

PRESIDENTE/A SUPLENTE 2º: VICTOR MANUEL RODRIGUEZ FERNANDEZ

O/A VOGAL 1º: FERNANDO DAMASO REINO ALVAREZ

O/A VOGAL 1º SUPLENTE 1º: ROMINA MARIA SILVA PINTO

O/A VOGAL 1º SUPLENTE 2º: LOURDES RODRIGUEZ SANCHEZ

O/A VOGAL 2º: FRANCISCO JOSE RODRIGUEZ COSTA

O/A VOGAL 2º SUPLENTE 1º: JAVIER LOPEZ CARNERO

O/A VOGAL 2º SUPLENTE 2º: EDELMIRO VILASECO CANCELAS

**DISTRITO: 01 SECCIÓN: 005 MESA: A**

**LOCAL DA CASA DA XUVENTUDE**

PRESIDENTE/A: FRANCISCO JAVIER ALVAREZ ALONSO

PRESIDENTE/A SUPLENTE 1º: PABLO GARRIDO LEDO

PRESIDENTE/A SUPLENTE 2º: MANUEL VICENTE FRANCISCO GARCIA





CONCELLO DE BARBADÁS

O/A VOGAL 1º: ROBERTO DIAZ GARCIA

O/A VOGAL 1º SUPLENTE 1º: VERONICA GONZALEZ RODRIGUEZ

O/A VOGAL 1º SUPLENTE 2º: BENITO BOUZADA BLANCO

O/A VOGAL 2º: ASER GONZALEZ RODRIGUEZ

O/A VOGAL 2º SUPLENTE 1º: NATALIA ESTEVEZ IGLESIAS

O/A VOGAL 2º SUPLENTE 2º: ROSA MARIA GROVA VENANCIO

**DISTRITO: 01 SECCIÓN: 005 MESA: B**

**ASOCIACIÓN FONVAL DE PENSIONISTAS E XUBILADOS**

PRESIDENTE/A: ANA MARIA SANTISO PRADO

PRESIDENTE/A SUPLENTE 1º: SEVERINO NIEVES PAZOS

PRESIDENTE/A SUPLENTE 2º: ANA MARIA VAZQUEZ ALVAREZ

O/A VOGAL 1º: MARCOS VILACHA REVUELTA

O/A VOGAL 1º SUPLENTE 1º: PATRICIA VAZQUEZ GONZALEZ

O/A VOGAL 1º SUPLENTE 2º: ANA MARIA REVUELTA GRANDE

O/A VOGAL 2º: ROSA PEREZ DASILVA

O/A VOGAL 2º SUPLENTE 1º: MARIA DEL PILAR VAZQUEZ VAZQUEZ

O/A VOGAL 2º SUPLENTE 2º: JENNIFFER CAROLINA LEAL FERNANDEZ

**DISTRITO: 02 SECCIÓN: 001 MESA: A**

**LOCAL SOCIAL**

PRESIDENTE/A: SENEN IGLESIAS ARCE

PRESIDENTE/A SUPLENTE 1º: MARIO ARAUJO ALVAREZ

PRESIDENTE/A SUPLENTE 2º: MODESTO ARAUJO DOMINGUEZ

O/A VOGAL 1º: DANIEL DOS SANTOS FORNEIRO

O/A VOGAL 1º SUPLENTE 1º: MELISA ANSIA FERNANDEZ

O/A VOGAL 1º SUPLENTE 2º: MARIA TERESA CALVIÑO GONZALEZ

O/A VOGAL 2º: LUCIA VALADO CRUZ

O/A VOGAL 2º SUPLENTE 1º: FERNANDO MONTERO MONTESINOS

O/A VOGAL 2º SUPLENTE 2º: GLORIA RODRIGUEZ FERNANDEZ

**DISTRITO: 02 SECCIÓN: 001 MESA: B**

**ESCOLA DE SOBRADO**

PRESIDENTE/A: KARINA CAEIRO PARRACIA



## CONCELLO DE BARBADÁS

PRESIDENTE/A SUPLENTE 1º: FRANCISO JAVIER ALEN SABUCEDO

PRESIDENTE/A SUPLENTE 2º: MAITE DIAZ ALONSO

O/A VOGAL 1º: INES PUGA LOPEZ

O/A VOGAL 1º SUPLENTE 1º: AHINARA FRANCISCO LOPEZ

O/A VOGAL 1º SUPLENTE 2º: SHEILA GONÇALVES PIÑEIRO

O/A VOGAL 2º: SANDRA ALONSO GOMEZ

O/A VOGAL 2º SUPLENTE 1º: SERGIO DOMINGUEZ GARCIA

O/A VOGAL 2º SUPLENTE 2º: ANNABEL LEE PUGA BACELAR

### 2. APROBACIÓN INICIAL DO ORZAMENTO 2019

**O Sr. Alcalde toma a palabra:** Bos días de novo. Pasamos ao segundo punto da orde do día que é a aprobación ou debate, ou toma de consideración dos orzamentos, para o ano 2019. Ben, como vostedes, unha cuestión de trámite ou de funcionamento que creo que os prazos e os tempos en relación a outro pleno deben ser superiores, creo que poden ser duplicados. Para a primeira intervención serían dez minutos por cada grupo. A segunda, cinco. E a última intervención creo que con un minuto debería abondar. Se lles parece, eu creo que é un tempo acaecido para este pleno. Dez minutos primeira intervención, cinco minutos a segunda e un minuto a última intervención para rematar. Vale. Pasamos á memoria da alcaldía, vou intentar resumila un pouquiño. Ben, pois, o presuposto para o exercicio 2019, ascende á contía de 6.774.640 euros. Evidentemente, tanto en gastos coma ingresos, dado que ten que ser un presuposto equilibrado. Esta contía supón, esta contía supón un incremento de 80.037,59 euros con relación ao orzamento do pasado ano. Este orzamento, é un orzamento que se elabora con moita cautela, que ven motivada, basicamente por un feito que é constatable e que ademais provocou a celebración destas eleccións celebradas onte, que non hai orzamentos xerais do estado para o ano 2019. E que ademais fíxose un análise polo miúdo de certos datos de xestión recadatoria que en gran medida no noso concello ven vinculada á Deputación. Cales son os obxectivos deste orzamento? Pois, fundamentalmente seguir avanzando nas políticas de benestar social, e a potenciación da actividade económica e empresarial en Barbadás. Isto implica que as políticas centradas no benestar social, teñan como ámbito, fundamental a mocidade, a educación, a cultura, o deporte, os





## CONCELLO DE BARBADÁS

parques e por suposto os servizos sociais. Tamén coma dicía antes, pretendemos favorecer cos estes orzamentos a actividade económica e comercial. Dikir que para iso, se pretende manter as previsións para desenvolver as actividades que se realizaron ao longo do ano pasado e que se puxeron xa en marcha con este goberno. Tentando incluso na medida do posible, amplialas e dotalas de mais presenza dos axentes económicos e comerciais. Recalcar que isto á algo moi importante, que volvemos a conxelar os impostos, as taxas e os prezos. E dikir aquí que o Concello de Barbadás é o concello que máis baixas ten as taxas e os prezos públicos, e os impostos, no noso contorno e que en moitos casos ademais, estamos no mínimo do permitido nalgúns dos impostos. Isto permite aumentar o poder adquisitivo dos cidadáns e da cidadanía no seu conxunto, sen menoscabo da calidade dos servizos sociais e dos diversos servizos en xeral, priorizando sempre aquelas persoas máis necesitadas. A aposta deste goberno é mellorar a calidade de vida dos nosos veciños, pero ademais dun xeito transversal e que polo tanto repercute directamente en todas as concellerías do noso goberno. Dende a mellora dos parques públicos, pasando polo servizo de limpeza, a seguridade, ata chegar ao ámbito da igualdade mediante a posta en marcha do CIM. Mantéñense todas as partidas de emerxencia social e a axuda ás persoas afectadas pola celiacuía. Aquí hai que destacar que ao longo deste exercicio, este goberno incrementou de xeito importante, ás persoas beneficiarias por estas achegas. Senón me equivoco, pasan de corenta beneficiarias e beneficiarios, a ser actualmente setenta e dúas. Coma tamén se aumentaron de forma considerable as horas do SAF, sendo ampliado este servizo a sábados e domingos. Hai que dikir que neste mandato tamén se incrementaron as familias beneficiarias polas axudas para a adquisición de material escolar. En relación aos ingresos e taxas, destacar o esforzo desenvolto por este goberno en canto á inspección tributaria, dado que se traballou intensamente, por parte do señor tenente alcalde e concelleiro de facenda, na taxa de utilización privativa polo aproveitamento especial de dominio público, respecto ás empresas subministradoras, que redundaron en que se incrementa en 33.000 euros, o importe en relación, que teñen que aportar estas empresas, estes provedores, en relación ao exercicio anterior. Pasando de 80.000 a 113.000 euros. Incrementábase tamén a partida en participación nos tributos do Estado, acadando un importe de 2.000.100 euros, en relación a 1.9p2.815 do orzamento 2018. Haberá unha diminución de ingresos no







## CONCELLO DE BARBADÁS

Imposto de Bens Inmóbles de 107.000 euros, o que supón unha redución do 5%. Esta substancial minoración, ben motivada por diversas incidencias no ámbito da Deputación Provincial. Hai un aumento, prevese un aumento na recadación derivada do imposto de circulación de vehículos, en 20.000 euros, motivada, basicamente, ao incremento do parque de vehículos. E tamén, unha mellora na recadación das taxas e prezos públicas, derivada de datos reais da liquidación do exercicio precedente, é dicir do 2018, que suporía un incremento de 22.000 euros. E tamén está previsto un incremento de aproximadamente 10.000 euros no imposto de actividades económicas. Ben. Tamén sinalar que dende o concello, faise unha aposta decidida e firme por parte e pola xestión de Protección Civil, dado que pasará a ser un servizo xestionado de forma prioritaria polo concello, e asumindo de forma directa todos os gastos que se xeren. Dado que ata o momento era un servizo que estaba cuberto, maioritariamente, a través dunha achega por parte do concello. Hai unha firme defensa da reciclaxe, isto é palpable no investimento, do servizo de compostaxe, que vese aumentada a súa partida. Na asistencia social primaria, unha importante novidade que é a incorporación, case inmediata dunha nova traballadora ou traballador social, e que xa se contempla crédito suficiente para esta partida. Nos orzamentos, na memoria do ano pasado, xa facía mención á precariedade de financiamento que teñen os concellos, e máis aínda nesta provincia, dado que estamos un pouco aos vaivéns das decisións que adopte a Deputación Provincial sen haber ningún criterio ou parámetro estable que decida ou defina o financiamento que lle corresponde a cada concello. Este goberno considera que o concello é unha administración, ou é a administración máis próxima á cidadanía e polo tanto debería ter un financiamento acaecido, en base precisamente, aos habitantes que ten cada concello. Como xa houbo un debate aquí, unha moción presentada, non recordo agora por que grupo, creo que foi por Democracia Orensana, creo, en relación ao financiamento, ou polo Bloque Nacionalista, ou polo goberno tamén, xa non lembraba quen, consideramos que o financiamento deste concello é insuficiente. A Deputación debería ter uns parámetros máis axustados á realidade, non deste concello, senón de todos os concellos. Pensamos que todos os concellos se deberían ver beneficiados por esa actuación e quero, dende este ámbito reclamar que creo que hai formas de financiamento máis xustas. Máis xustas e máis equitativas. Somos a única





## CONCELLO DE BARBADÁS

provincia, na que non hai uns criterios pre establecidos para financiar os concellos e creo que dende a alcaldía é o momento, tamén, oportuno para reclamar que se arbitren parámetros de equidade e xustiza no financiamento para todos os concellos da provincia, independentemente da cor política que teñan. Ten a palabra o señor tenente alcalde. Ten dez minutos para intervir, na primeira quenda de palabra.

**O Sr. Fírvida toma a palabra:** Ben. Bos días a todas as concelleiras, concelleiros, público asistente. Eu quero agradecer a todas as forzas políticas do Concello de Barbadás, o comportamento exemplar que tiveron onte, ao longo de toda a xornada electoral e tamén durante toda a campaña electoral. Eu creo que demos unha lección de democracia á cidadanía dende as institucións e tamén dende os partidos políticos, e os cidadáns tamén estiveron á altura. Os orzamentos, responden a un plan económico e financeiro vencellado a acción do goberno. É unha estimación a priori. Marca as liñas estratéxicas e prioridades do goberno, sen esquecer as obrigas na hora de prestar servizos que por lei estamos obrigados a exercer. Moitos destes servizos básicos, foron privatizados en mandatos anteriores, deixando para os gobernos futuros unha hipoteca a moitos anos, e cun custo que condiciona a elaboración dos presupostos anuais. Alén de cumprir con estas obrigas, para o goberno de Barbadás, é prioritario a acción social. Todos aqueles servizos referidos ao relacionado coas persoas, asistencia social, educativa, deportiva, cultural, sen esquecer a económica, a dinamización e promoción do comercio local, da actividade económica, da atención a desempregados e á loita pola igualdade de xénero e contra a violencia machista, que non de xénero. Os gastos de persoal deste ano 2019, vense incrementados en 158.200 euros, que veñen derivados das subas que se aplicaron en todo o estado español e recolle tamén as subas que non estaban contempladas nos orzamentos do ano 2018, aínda que si estaban contempladas de forma indirecta, nun fondo de continxencia que estaba creado para atender a tal fin, porque cando se aprobaron os orzamentos en Barbadás, non estaba aprobada a subida no goberno do estado. Polo tanto, estas subidas supoñen un incremento do gasto do 4,29% respecto ao orzamentado no ano 2018, que recolle o 0,25% de continxencia de subida do ano 2018, máis o 1,75%, que se subiu ao longo do ano pasado, máis o 2,25 dos presupostos do ano 2019. Ademais, os gastos de persoal, contemplan variacións, coma é o persoal que vai atender o Centro de Información á Muller, situado no Concello





## CONCELLO DE BARBADÁS

de Barbadás e de recente apertura; dous auxiliares de servizos xerais; increméntase a xornada do arquitecto municipal de dous a catro días semanais, e diminúe unha praza de administrativo no servizo de turismo. Os gastos correntes de bens e servizos, increméntanse en 28.000 euros, unha cantidade, unha variación insignificante tendo en conta a subida do IPC, e as transferencias correntes en 16.000 euros. Pola contra, o incremento en asistencia social, é de 63.000 euros. En ensino preescolar de 22.000 euros. E nos servizos complementarios de educación, en 23.000 euros. Cantidades que vamos a desglosar a continuación e tamén referíndonos a parte dos ingresos dos orzamentos públicos. Pero os orzamentos, e o repito, que é unha recolla dunha contabilidade realizada a priori, para poder exercer unha labor de goberno ao longo do ano 2019. Pero son números, e os números en si mesmos son fríos. Polo tanto, eu quero referirme, non tanto aos números que hoxe vamos a aprobar, senón ao que este goberno fai con ese diñeiro. Porque de pouco vale ter unha cantidade nunha área de gasto determinada, se despois iso se adica a fins para os que non foron creadas esas cantidades ou se malgasta ese diñeiro. Polo tanto, eu creo que é de xustiza, lembrar cales foron as modificacións, os cambios que sufriu este concello nos últimos anos e tamén, especialmente, ao longo do ano 2018, e que esperamos que continúen no ano 2019. As axudas para emerxencia social, aumentan en 10.000 euros, derivado pola asistencia, sobre todo, a axudas de emerxencia social propiamente ditas, e tamén para atención para a celiacuía, para persoas coa enfermidade da celiacuía, no noso concello. Incrementamos tamén as axudas para garderías, a través dunha convocatoria de axudas públicas para aquelas persoas, para aquelas familias que fagan solicitudes nas garderías públicas do Concello de Barbadás e que non obteñan praza, ata que non se abra unha segunda gardería, se lles subvenciona o acceso a unha das garderías privadas que hai dentro do noso concello. Creouse un banco solidario, que conta cun orzamento de 15.000 euros, para compra de comida, especialmente se fixo fincapé no último ano para comida de nenos, de bebés, de nenos pequenos, para compra de cereais e de cousas de nenos pequenos, e tamén un banco que ademais desta achega do concello de 15.000 euros, é un banco solidario onde a cidadanía do noso concello pode aportar alimentos e tamén roupa. Temos un Xantar na Casa, que aumenta a súa partida orzamentaria de 12.000 a 15.000 euros, co que se atende ás persoas maiores do noso concello, que por





## CONCELLO DE BARBADÁS

diversas dificultades ou por facilitarlles a vida no seu domicilio, se lles serve un xantar semanal no seu domicilio, con comida para toda a semana. Se regulou as subvencións a asociacións veciñais. Agora se recibe por cada asociación veciñal un máximo de 3.000 euros, pero que ademais se reparte con criterios de xustiza distributiva. Todas as asociacións veciñais acoden a unha convocatoria pública de subvencións, onde son atendidas en función das actividades que desenvolven ao longo do ano. Realizáronse melloras nos locais sociais. Cambios de radiadores eléctricos por aparellos de aire acondicionado que supoñen un menor consumo enerxético e unha mellora ás prestacións de servizos nestes locais sociais. E vanse realizar obras de reforma e restauración en varios tellados de locais sociais do noso concello e tamén no local social de Loiro e no local de Barbadás. En cultura, por primeira vez, Barbadás aparece no mapa cultural de Ourense e de Galicia, tanto a nivel de formación cultural coma de igualdade. En cultura, faise cultura en galego; móvese aos talentos do noso país, algúns incluso son descubertos dentro do noso propio concello. Inician a súa actividade profesional en Barbadás. Existe dinamización cultural nos pobos, para maiores e para nenos e nenas. Relativos a todos os feudos culturais, ao teatro, a música. Incrementouse as dotacións e creouse unha biblioteca infantil no noso concello. Apostouse polos creadores e tamén polos clubs de lectura. Elaborouse programas para pór en valor a cultura de Galicia e a cultura que sae de Barbadás. Os creadores que viven no noso concello. É dicir, traballamos, non só como consumidores, senón tamén coma promotores de cultura. Elaboráronse premios coma os vídeo poemas, onde participaron mozos e mozas; concursos de textos literarios, Linguareteando que puxo en valor á xente aficionada que despois se converteron en profesionais. Dende a Escola de Música Municipal de Barbadás, que pagamos todos e todas os veciños do noso concello, traballouse na repercusión a nivel territorial da música que sae do noso concello. O ciclo de música de Acá e Acolá, que apoia a cultura que se fai en Barbadás e que xa chegou a todas as parroquias de Barbadás. Xurdiron novas asociacións culturais. Púxose en marcha subvencións en concorrencia competitiva para garantir a transparencia e a xustiza no reparto dos fondos públicos e establecéronse convenios con asociacións do noso concello que teñen un carácter único que as identifica e as diferencia e por iso necesitan destes convenios particulares. E en Barbadás, ata o ano 2015, non existía a





## CONCELLO DE BARBADÁS

Concellería de Igualdade. Apareceu no ano 2015, e dende esta concellería empézase a traballar dende a infancia, a familia, a xuventude, a educación e a cultura, para promover a igualdade de xénero. Púxose en marcha o Centro de Información á Muller, co beneplácito da Consellería e da Directora Xeral de Igualdade da Xunta de Galicia, polo que recibimos tamén os seus parabéns. Barbadás figura no mapa do feminismo en Galicia e é un referente no feminismo e agardamos que así continúe nos vindeiros anos. En deportes, construíronse novas pistas de padel, firmáronse convenios coa Deputación Provincial de Ourense, para restaurar o céspede do campo de fútbol grande e construír un anexo de campo de fútbol oito. Ampliáronse os espazos do ximnasio municipal e humanizáronse as dependencias do polideportivo. Ampliáronse os equipamentos de ximnasia. Creouse a escola de ximnasia de trampolín. Potenciouse a presenza de todas as escolas deportivas na páxina web e nas redes sociais. Creáronse subvencións en concorrencia competitiva tamén, para colaborar coa organización de eventos deportivos. Creáronse subvencións a deportistas individuais, que non existían no noso concello, para que participen en competicións de ámbito nacional, estatal e internacional. E organízanse actividades coma é o Diverlandia onde participan máis de 600 nenos e nenas, no polideportivo municipal de Barbadás durante o Nadal.

**O Sr. Alcalde toma a palabra:** Ten que rematar.

**O Sr. Fírvida toma a palabra:** Ben, pois continúo na seguinte intervención.

**O Sr. Alcalde toma a palabra:** Señor Ramón Padrón, ten dez minutos.

**O Sr. Padrón toma a palabra (Grupo Mixto):** Moitas grazas e bos días a todas e a todos. En primeiro lugar, quería dicir que non estamos totalmente en contra de todas as partidas do orzamento. Está claro que en moitas estamos de acordo. En asuntos sociais, en subvencións que se dan a asociacións veciñais. Vamos, que non vamos a facer unha crítica total sobre o orzamento. O que si, temos que dicir, cousas que a nós pois non nos parecen ben; ou que non van na liña do que nós pensamos que debería ser o gasto, e que debería facer este concello. En primeiro lugar, gustaríanos tamén algo de autocrítica porque para nós, durante estes catro anos, xa ven dunha inercia anterior, este concello perdeu peso económico coma explicamos xa nalgún momento, pasamos de ser un concello no que aportábamos máis á Seguridade Social do que recibimos agora en axudas e pensións. Polo tanto, algo que a política deste goberno, algo terá que ver con





## CONCELLO DE BARBADÁS

iso. E coincidirá connosco, ao mellor, en que o crecemento do orzamento deste concello, é bastante raquíptico, durante estes últimos anos. Pense vostede, que por exemplo Allariz, cunha poboación a metade de Barbadás, practicamente, estamos a punto de conseguir ter un orzamento case igual ao noso, porque creo que aprobaron o orzamento en 6.000.000 de euros e nós estamos en 6.600.000, cunha poboación do dobre. Polo tanto, cremos que o servizos que damos, cada vez, van a estar máis condicionados polo orzamento, ata chegar a un momento que creo que xa non vai a quedar, case nada para inversión; porque agora mesmo o que queda, segundo estes orzamentos, son 270.000 euros, que para un concello da nosa magnitude, é unha miseria. Si, temos en conta tamén que a Deputación nos debería dar unha partida moito máis grande. Niso coincidimos co do principio do señor Alcalde, pero aínda así, deberíamos xerar economía, fixar poboación que é o ingreso que temos nós primordial, pola contribución, e cremos que non se fixo nada nestes últimos anos cara o futuro, para que o noso concello sega medrando e o orzamento medre en consonancia cos servizos que estamos creando. Porque si, estamos dando unha cantidade de servizos impresionante, pero o orzamento non está medrando de maneira para dar optimamente todos eses servizos. Entón, corremos o risco de en certos momentos, quedarnos sen partidas para resolver xa cuestións básicas que se plantexen no goberno, ou sexa, no concello. Estou falando de saneamento, de auga, de moitas infraestruturas que se poidan deteriorar co tempo. Entón, vamos a carecer de inversión para ese diñeiro. Vostedes, tamén teñen que dicir algo tamén, do diñeiro que se gastou durante todos estes anos e no remanente. Tamén boto en falta que defendeu moitas cousas do orzamento e do goberno durante os catro anos e non dixo nada do diñeiro que se gastou, por exemplo, no Museo da Música, ou no Museo da Gaita. E moitas outras inversións que para nós, creo que foron inxustificadas. Falou tamén do CIM. Si, recibiu parabéns da Consellería. Nós tamén estivemos alí e estamos de acordo, pero tamén lle dixo a consellería que tiña que haber sido un servizo supra municipal; ou sexa, que se tiña que haber acordado con varios concellos porque as subvencións que recibiríamos serían moito máis grandes. Iso díxollo alí a Conselleira diante de todos nós. E creo que, non vaia facer coma outras persoas que negan o que dixeron no seu día. O de recibir máis subvencións, tamén a nós, non necesitaríamos asumir un gasto tan grande que o vamos asumir nós solos.





## CONCELLO DE BARBADÁS

Quero tamén facer fincapé, na subida destes dous últimos anos en persoal. Subimos 382.000 euros, en dous anos, en gastos de persoal. Aquí queríamos facer unha reflexión, que tamén a deberían facer vostedes, non sei se a fan, pero ben, non sei, ao mellor publicamente, en pleno, que todo este aumento de gasto de persoal, ao final, a imaxe que hai cara a cidadanía, con problemas en moitos servizos que presta o concello, problemas na gardería, problemas na escola municipal, problemas aquí mesmo nesta casa, problemas na policía... os traballadores como vimos ultimamente incluso manifestándose diante do concello, entón, non entendemos coma unha subida tan importante en dous anos, e sobre todo a cidadanía que non está aquí e non ve estes números, e non ve estas cousas, ao mellor non entende coma toda esa inversión en persoal, en servizos, que está vendo que hai protestas, hai queixas por parte da veciñanza. Entón, algo está pasando. Ao mellor os servizos non se están dando coma se deberían dar, para o gasto que estamos asumindo coma concello, e o diñeiro que estamos investindo nesas partidas. Polo tanto, si se inviste, cremos que se inviste diñeiro de persoal e de servizos, tense que dar cada vez un servizo máis óptimo, e parece que cada vez hai máis protestas sobre o funcionamento destes servizos. Entón, eu pediríalle unha reflexión sobre estes temas. En principio, pois non vamos a...E ben, falou vostede de ensinanza preescolar e primaria, que sube si, pero sube persoal e entendemos baixan as subvencións ás familias da Escola Infantil. E ben, estamos falando que na maioría das cousas, as subidas todas son de persoal. Non? Entón, foi o que estivemos falando fai un momento, aparte dalgunhas partidas que se soben polo tema de edificacións ou maquinaria. Nada máis. Ben, esperamos á segunda intervención.

**O Sr. Alcalde toma a palabra:** Moitas grazas, don Ramón. Señora Fina, ou dona Fina, ten vostede a palabra. Dez minutos.

**A Sra. Varelas toma a palabra (DO):** Bos días a todos, ao público, compañeiras e compañeiros. Hai dúas formas de estudar estes presupostos. Hai dúas formas de velo. Non vou ou non vamos a entrar, na materia de mil euros aquí, mil euros alá. Parécenos uns presupostos demasiado xustos, demasiado pequenos para unha poboación tan grande e tantos servizos que estamos dando. É certo que moitos servizos, a poboación estase queixando. Hai deficiencias nalgunhas áreas. Hai queixas, téñenme chegado. Pero independentemente disto, son uns orzamentos escasos, pequenos. Para min, hai unha





## CONCELLO DE BARBADÁS

partida que se aumentou, asuntos sociais, pero para min é máis que insuficiente. Penso que sería ao noso entender, para Democracia Orensana, a partida máis grande que tería que ter un concello. porque penso que un concello tenta axudar a aquelas persoas que o necesitan. Iso, ante todo, ante calquera outro servizo. E tamén, fáltanos axuda aos animais. Tamén nos falta moita axuda ás persoas maiores. Baixo a miña modesta opinión. Temos que ter máis amplitude de miras. Temos un presuposto onde o oitenta ou oitenta e pico por cen, vaise para pagar persoal. Por tanto, pouco podemos facer co restante do diñeiro. Entón, a saída que nos queda, é apostar polo noso concello e apostar duro. Apostar porque a xente viña a vivir aquí. Apostar para que se monten negocios. Apostar polo turismo. Apostar por traer capitais a Barbadás. Apostar porque se aumente recadación, sen subir impostos, porque Democracia Orensana está en contra das subidas de impostos. Todos vós sabedes que en Ourense, Democracia Orensana baixou os impostos un 20%, dez cada ano. Nós témolos no mínimo, pero aínda que os teñamos no mínimo, temos que recadar máis. Como se recada máis? Ofrecéndolle á poboación, un concello limpo, un concello bonito, un concello onde a xente diga, “carambas, quero montar un negocio, onde podo montar un negocio?”. Pois na Valenzá, en Barbadás. Porque somos un concello rico, un concello rico en poboación, en persoas, en xente nova. Por aí ten que ir a liña dun goberno, o goberno futuro que entre en maio, ten que tirar por a liña de apostar pola xente moza, porque se apostamos por esa liña seremos ricos, ricos en diñeiro e ricos en poboación. Temos que levantar os cus das cadeiras. O futuro alcalde ou alcaldesa, ten que moverse da cadeira e petar nas portas. Saír todos os días e ir á Deputación, a pedir, si, a pedir. Aínda que che digan que non, pide. Ir á Xunta. Mirar tódalas axudas que se poidan conseguir. Tramitar tódalas axudas, pero non tramitar as axudas cando saian. Non. Saber as nosas necesidades, facer plans viables, para no momento que saian axudas, saber se as podemos acometer, con que diñeiro podemos contar, e que diñeiro temos que traer para nós. Temos que ver un goberno, un goberno, un futuro goberno ten que ser un futuro goberno de xestión. Un goberno que tire deste concello coma un negocio, pero non un negocio en beneficio dun político, non. Un negocio en beneficio da nosa poboación. Esa é a idea que eu teño de como funcionaría un concello. Un concello ten que ser coma unha grande casa pero un gran negocio, para coller e recibir, e darlle aos nosos veciños; por que con este presuposto







## CONCELLO DE BARBADÁS

que aquí tedes, como dixen eu, non vou a mirar se subiron 2.000 por un lado, tiraron 3.000 polo outro. Por que? Porque non ten sentido. Con isto, non podemos facer nada. Con isto, mal podemos dar os servizos mínimos. No noso concello, fan falta, en canto a infraestruturas, temos as estradas nos pobos, deterioradas. E non temos diñeiro. Pois para iso ten que estar unha Deputación. A Deputación, ten que axudar aos concellos. Non ter o diñeiro para gastalo, malgastalo no que o señor Presidente da Deputación, lle saia da real gaña. Non. O diñeiro é de todos e ten que se repartir equitativamente por todo. Temos unha poboación grandísima. E concellos coa metade de poboación, coma dicía o señor Ramón Padrón, teñen case o mesmo orzamento ca nós. Iso é unha vergoña. Entón, as eleccións están a nada. Supoño que vai a haber un baile de cadeiras coma é obvio. Só lle pido á persoa que sexa alcalde ou tenente alcalde, que loite por todos nós. Que saia da cadeira. Que estea nos medios. Que pida. Que pida e pida. É o único que vos podo dicir a todos, que é o que hai que facer. Hai que apostar polo futuro e só mirando dende esa liña podemos conseguir grandes cousas. Grazas.

**O Sr. Alcalde toma a palabra:** Grazas a vostede, dona Fina. Ten a palabra a voceira ou voceiro do Partido Popular.

**A Sra. Vispo toma a palabra (PP):** Bos días a todas e a todos, ao público asistente. Vou empezar por dona Fina Varelas. Creio que me quedo co último que dixo ela e que é futuro. Creio que estes orzamentos que vamos intentar aprobar hoxe, quero deixar claro xa que o Partido Popular vai votar en contra. Vamos facer alegacións a estes orzamentos para que quede xa constancia no primeiro momento. Vamos a dicir o por que vamos a votar en contra. Creio que hai unha partida que é a máis importante para nós. E é, todo o fracaso destes catro anos deste grupo de goberno. Entendemos que é un futuro bloqueado totalmente, con estes presupostos. O que quedou de manifesto en compañeiros neste momento da oposición, que o dixeron moi claro, e que compartimos, e é que totalmente, os orzamentos agora mesmo, é para pagar persoal e servizos básicos. É dicir, o goberno que entre no mes de maio, está bloqueado por uns orzamentos que non vai ter. Non sabemos se vamos a cumprir aínda as regras legais para poder investir o que quede de remanente. O que quede, dígoo ben claro, porque este grupo de goberno, na memoria e o señor Fírvida, o tenente alcalde, non dixo nada do remanente que se usou, creo que iso o ocultan para non dicirlle á cidadanía, efectivamente que non se ve,





## CONCELLO DE BARBADÁS

hai moito cartel posto por este concello, moito cartel. Iso si que teño que dicir que se venden moi ben. Algo que realmente pois, ao mellor, non soubemos facer durante tantos anos, pero ben, a cidadanía valoraralo o 26 de maio. O que si quero dicir é, que nos vai quedar de inversión para estes catro anos ao grupo de goberno que entre? Cero. O que temos que apostar, o grupo que entre, como ben dicía Fina, a señora Fina Varelas, desculpe, creo que vamos a ter que apostar por pedir axuda ás administracións neste momento para que nos dean inversión, para poder traer empresas, para poder traer comercio, para poder darlle vida a este concello e que non vaian pechando as portas os comercios. Coma podemos observar no orzamento, para a partida de comercios, queda igual, igual, que, xa non digo ca nos outros anos, pero queda igual ca o ano pasado. Creo, que os comerciantes, necesitan un apoio maior, para poder seguir abrindo as portas día a día. Axudas. E despois empresas. Eu creo que neste goberno durante catro anos, díganme vostedes que empresas se instalaron neste concello? Ningunha. Que eu saiba, se me equivoco que me corrixan os compañeiros que están ao meu carón, pero creo que ningunha. Tivemos axudas nos nichos empresariais. Paréceme moi ben o que fixo este grupo de goberno. É unha iniciativa pero que non con leva nada. Hai catro nichos neste momento que perciben unhas subvencións. Incluso algúns non son de aquí. E ben, que realmente pois a ver, tampouco podemos pecharlle a porta á xente de fóra. Iso é obvio. Pero que como ven, o sistema económico neste concello, segue sendo cero. Segue sendo cero. Outro, señor, creo que Padrón, dicía antes, os servizos que temos neste momento, neste concello. Mire, se empezou un relatorio de todos os servizos, creo que levantámonos ou botámonos a chorar. Téñolle que dar clinex a todos vostedes. Empezamos pola gardería. Teño que facer constancia neste momento que o grupo Popular, presentou hoxe á mañá unha moción para o pleno ordinario, e sacou á luz, que durante moito tempo tapamos o servizo de gardería, para non crear unha alarma social neste momento, pero a sacamos xa porque cremos que isto xa pasou un punto de inflexión, entre que os pais xa son coñecedores de todos os problemas que hai nesta gardería, dentro dela. Entón, no próximo pleno, pero quero que quede constancia, o grupo Popular, era coñecedor durante meses. Intentou axudar a este grupo de goberno a que isto, a que este servizo cambiase. Sabemos de reunións internas cos traballadores, cos pais, pero que seguimos igual ou máis ben, a peor. Quero facer constancia tamén, de





## CONCELLO DE BARBADÁS

que houbo unha subvención da Xunta, de 28.000 euros, á cal asistín. Ben, cando veu, fíxonos a visita o persoal da Xunta, para dicir, para comunicar esta subvención, e cal é a miña sorpresa, de que metemos tamén unhas preguntas hoxe á mañá, onde dinme que esa subvención, soamente se pediron ou xustificado facturas por importe de 4.000 euros. Como comprenderán, perdéronse 24.000 euros. Creo que a constancia é esa. Vamos a pedir, pedimos as facturas e se non é así rectificaremos o que estamos dicindo, señor Sarín. Pero ben, creo que temos constancia sobre iso. Entón, neste momento, somos coñecedores da falta de alimentos. Somos coñecedores dos problemas que teñen os nenos na gardería. E non fixeron absolutamente nada. Vámolo deixar aí porque para iso temos o pleno ordinario do luns que ven, que é día 6. Ímonos a infraestruturas ou iluminación. O orzamento é o mesmo ca do ano pasado, en infraestruturas, báixase. A iluminación deste concello, cada vez vai a peor. E ben, pois non sei coma van a intentar cubrir todas estas necesidades. En educación? Educación, saben que durante esta última legislatura, quitáronse os almozos escolares, con prexuízo para conciliar a vida familiar e laboral da que tanto vostedes, alardean, e neste momento pois xa non temos os almozos. Nas comisións preguntamos se realmente este incremento ía ser para devolver, esa conciliación da vida laboral e familiar, e dixéronnos que de momento non, ou se entendín mal, pero se sería para actividades escolares. Quero dicir tamén, que, vamos a ver, dicían que o oitenta por cen, un dos meus compañeiros, era para soldos dos empregados do concello. Creo que o señor Padrón, dicía que aumentara en trescentos e pico mil euros, trescentos oitenta mil euros, nestes catro anos. Agora mesmo, vanse contratar a dous auxiliares administrativos, que entendemos, entendemos o Partido Popular que si é necesario para cubrir as necesidades, tanto en economía coma en administración, porque o que estamos vendo que era un colapso total, no tema de contabilidade e no tema de secretaría. Ao cal, aplaudimos, pero é o último ano no que o están facendo. Nos anteriores, pois valorouse outras áreas coma é turismo, que agora mesmo recoñecen pois que non van ter que necesitar, ou sexa, prescinden desa persoa, dese contrato de persoal para turismo. Agora mesmo prescindiron del, valorando outros que para nós, entendemos que está correcto. Pero, se vostedes apostaron polo turismo e agora de repente, volven para atrás, tendo o Museo da Gaita de Fole, que case gastámonos uns dous centos mil, ou ben, non o sei señor Fírvida. Case. Eu creo que





## CONCELLO DE BARBADÁS

andamos nos dous centos mil euros. Vamos deixalo aí. Para que? Para que? Se agora xa non temos alguén que nos leve, que nos ... non o sei, xa nolo explicará vostede máis tarde. E despois, temos unha persoa que pois entrou fai nove meses, dez meses, que é o señor tesoureiro, cobrando oitenta mil euros. Vamos a ver. Creo que hai nun caixón, pode haber os problemas que vostede recoñecía o outro día, en recadación, na Deputación. Pero mire, alardeaban e sego dicindo que este grupo de goberno, alardeaba, de que ía contratar a un tesoureiro para levar as nóminas, para facer as nóminas

**O Sr. Alcalde toma a palabra:** Isto nun pleno. Vale?

**A Sra. Vispo toma a palabra (PP):** Para facer as nóminas e para evitarnos os gastos de xestoría, os gastos de recadación. Creo que se mercaron, perdón señor Fírvida, están metidos nun caixón, uns programas de recadación, para levar eses recibos e para cobralos nós. Entón, non entendemos que tanto problema haxa, que si, que efectivamente hai que recoñecer que hai un erro na administración neste momento que nos leva, que xa se subsanou pero que si o houbo. Somos conscientes, pero mire, non lle bote a culpa toda á administración, que lle xestiona os recibos. Se vostede ten un tesoureiro dende fai nove meses, que aínda segue sen pasar as nóminas, que aínda seguimos pagando gastos de xestoría, e que os recibos segue levándoos a Deputación, non entendemos a que ven este señor, e que leva cobrando deste concello oitenta mil euros, cando sabemos, ou sexa, que realmente pois a min que alguén me explique cal é a función deste señor, porque aínda hoxe non a sei. Vamos a ver. O persoal

**O Sr. Alcalde toma a palabra:** Ten que rematar, señora Chelo.

**A Sra. Vispo toma a palabra (PP):** Ben, continúo na segunda parte. Grazas señor Alcalde.

**O Sr. Alcalde toma a palabra:** Moitas grazas señora Chelo. Cinco minutos.

**O Sr. Alcalde toma a palabra:** Vanme desculpar as compañeiras e compañeiros de goberno, que non teño tempo de explicar toda a acción de goberno porque, se empezou a contestar aos membros da oposición, non me queda tempo para pór en valor o traballo feito ao longo destes anos. Non podemos esquecer nin obviar, que os presupostos de calquera administración pública, deben estar cadrados. É dicir, os ingresos deben ser exactamente igual que a mesma cantidade que o gasto. E debemos recordar cal é a situación de Barbadás en canto a ingresos. Un concello sen industria, sen parque





## CONCELLO DE BARBADÁS

empresarial. Unicamente recibe ingresos da cidadanía que reside nel e das transferencias do Estado e da Xunta. Lembrar, sen parque empresarial, porque quen elaborou o plan urbanístico do concello, respondía máis a intereses privados de construtores e inmobiliarias, nos que participaban directamente, que aos intereses da cidadanía. Agora, cun PXOM esgotado en canto a dotacións públicas e que non contempla estas zonas comerciais e industriais, só quedaría a posibilidade, señor Ramón, de cambiar este planeamento urbanístico, para nun futuro poder contar no noso concello cun parque empresarial ou un parque comercial. Pero tamén lle teño que dicir unha cousa. Se cadra, chegamos tarde porque a Xunta de Galicia, dende logo, non vai construír máis parques industriais na provincia de Ourense cando hai centos de miles de metros cadrados en parques industriais que están sen empresas. Isto é a herdanza que nos deixa o Partido Popular e á que nos temos referido e a eles lles molesta tanto, e agora nos recriminan a nós a parálise do concello en canto a materia orzamentaria, cando non temos por onde crecer. Señora Fina, é imposible que veñan empresas novas para o noso concello porque non teñen solo industrial. As naves que hai no noso concello, xa o saben vostedes porque se tratou en comisións informativas, son ilegais. Polo tanto, non se pode instalar nova empresariado no noso concello de Barbadás, porque o plan de ordenación municipal elaborado polo Partido Popular, por construtores e por inmobiliarias, feito ad hoc, para intereses duns poucos, non contempla a ampliación empresarial nin comercial. Home, eu alégrome moitísimo, quen foi? O señor Ramón, que cita Allariz, verdade?, modelo de crecemento económico e social. Alégrome moito. Tamén o é para nós, Allariz un modelo. E fala do orzamento de Allariz que nos vai superar en orzamento coa metade de poboación. Pero ten un parque empresarial, o parque de Chorente, que está cheo de empresas, que cotizan en Allariz; que crean emprego en Allariz. E nós non temos esas posibilidades polo que nos deixou o Partido Popular. Recordarlles a vostedes un par de cousas, a todo o mundo, neste caso. Todo o mundo fala que gastamos mal o diñeiro e que gastamos en cousas que non son necesarias, e nos achacan recortes en comercio; a señora Consuelo nos di que gastamos pouco en comercio; que gastamos pouco en creación de empresas, que gastamos, home!, cando se fan unhas alegacións aos orzamentos hai que ser minimamente serios. E dígnanos vostedes que cantidades aumentarían nesas partidas coas que nós estaríamos completamente de acordo, pero





## CONCELLO DE BARBADÁS

díganos tamén, en que partidas retraería esas cantidades. Iso é o que hai que facer cando se alegan uns orzamentos. Pór branco sobre negro e dicir, quitamos diñeiro de aquí e movemos diñeiro para alí. Porque mire, ademais temos unha característica no Concello de Barbadás, señor Ramón, que é que todos os impostos municipais que dependen da actividade local, están ao mínimo legal establecido. Non se poden reducir máis os impostos. O IBI, á taxa mínima establecida, o 0,4%. Aplicamos unha redución dos valores catastrais que foi a máxima permitida pola Ministerio de Facenda do Estado Español. A máxima permitida. Non nos permitían reducir máis os valores catastrais. Estamos en mínimos do imposto de vehículos de tracción mecánica e aplicamos redución aos coches híbridos e aos coches eléctricos. Estamos, no mínimo do ICIO. Estamos no mínimo do IAE. Estamos no mínimo de todos os impostos nos que podemos intervir. Absolutamente en todos. Polo tanto, díganme vostedes coma podemos aumentar o financiamento deste concello. E é certo o que din vostedes. A Deputación Provincial de Ourense ten un orzamento superior aos noventa e oito millóns de euros. En Ourense hai noventa e dous concellos. Tocaríamos a unha media dun millón de euros cun reparto lineal. E se o facemos proporcional á poboación; e se o facemos con criterios distributivos de xustiza, coma se está facendo na Deputación da Coruña, na Deputación de Pontevedra, ao Concello de Barbadás, lle tocarían dous millóns de euros. E na participación dos ingresos do Estado, se se fixera con criterios que nos corresponden coma avellentamento da poboación, dispersión poboacional e despoboamento, que son as características que ten o noso país, nos correspondería máis participación nos ingresos do Estado español.

**O Sr. Alcalde toma a palabra:** Ten que rematar.

**O Sr. Fírvida toma a palabra:** Ben, e lamento moito non poder contestar a todas as cousas que aquí... non queda tempo.

**O Sr. Alcalde toma a palabra:** Ten vostede, don Ramón, cinco minutos. Se queredes, despois, se estamos de acordo todos, incrementamos en lugar dun minuto, cinco minutos. Se estamos todos de acordo, á última intervención. Si? Vale. Pois hai cinco minutos adicionais para cada un dos grupos na última intervención, na que en teoría era dun minuto máis, agora son cinco, cinco engadidos máis na última intervención.

**O Sr. Fírvida toma a palabra:** Coma vostedes digan.





## CONCELLO DE BARBADÁS

**O Sr. Alcalde toma a palabra:** Non, tocaríalle agora a Ramón. Esta é a segunda. Por iso digo, na última intervención, en lugar dun minuto, cinco. Vale? Se vos parece a todos ben? Ramón, esta é a terceira intervención xa, senón me equivoco. É a segunda, é a segunda. Si, cinco minutos ten, xa. Cinco.

**O Sr. Padrón toma a palabra (Grupo Mixto):** Eu tiña entendido que as alegacións, se se presentan era para se hai algo técnico, mal feito no orzamento, porque para modificar partidas, se vostedes queren gastar diñeiro nunha cousa e digamos que non, xa llo estamos dicindo aquí no pleno. Nas alegacións non creo que se tramite iso, ese tipo de alegacións. Polo tanto, non vamos a falar de alegacións porque non... as alegacións facémolas aquí porque é o gasto político. O gasto que xa é técnico pois supoñemos que estará ben feito polos técnicos. Ten vostede razón que vimos dunha inercia, ou vimos dunha historia, en que non se traballou nada en Barbadás para que non, hoxe, pois economicamente crecemos e crecemos en tema de industria e comercio, que era una das nosas apostas, a creación dunha área comercial. Pero é que ben, vostedes tampouco dende que entraron no poder, pois non moveron, non fixeron ningún paso en que ao mellor algún día pois, empezando ao mellor por unha reforma do PXOM, ou empezando a tramitar algún tipo de asunto para que ao mellor nun futuro, en Barbadás puidéramos ter unha área comercial onde se instalaran empresas. Entón, é certo que durante os anos no que iso si que foi posible, hai moitos anos porque a Xunta incluso estaba disposta a dar diñeiro para temas de polígonos empresariais e todo, dende os gobernos de Barbadás, non sabemos os motivos, pero non se loitou decididamente por ter iso. Polo tanto, despois cada un tívose que buscar a vida como puido para poder traballar e gañarse a vida e darlle de comer aos seus fillos, agora tamén, unha vez que entraron vostedes no goberno e sabendo que iso estaba aí, puideron iniciar uns pequenos pasos, ou uns pequenos trámites para que ao mellor algún día, iso sexa posible. Non se fixo nada e seguimos coma estábamos ata o momento. Ten razón vostede no tema dos impostos, no catastro. Lembre que o apoiamos naquel pleno para que se, ben, que querían unha rebaixa máis importante, que non podía ser. Incluso a este señor lle chamaron ladrón, aquí á cara. Ten razón tamén no reparto, coma dixeran antes nos fondos da Deputación, que nos correspondería moito diñeiro. Agora si, por exemplo, vostede tamén ten que facer autocrítica en moitas cousas. Porque por exemplo, defendeu aquí o





## CONCELLO DE BARBADÁS

turismo a capa e espada, deste concello. contratou un administrativo de turismo, que nós defendemos que non era necesario contratar e agora, pois, xa non o contratan. Gastou moito diñeiro no Museo da Gaita. Nós aínda estivemos o outro día nun negocio da Valenzá, e a persoa que leva moitísimos anos co negocio na Valenzá e non sabe nin que existe o Museo da Gaita. É máis, é que non o coñece nin a vostede. Fíxese vostede a veces que investimos cartos, investimos cartos, é unha anécdota simplemente, seguramente o coñecen máis a vostede ca min, pero, é unha anécdota para explicar que a veces gastamos moito diñeiro, eh!, e pensamos que estamos a facer cousas que non chegan á veciñanza á que nós lle estamos dando servizos. Tamén, isto vai referido a moitas actuacións culturais que vostede defendeu aquí. Pero actuacións culturais que se miramos o diñeiro que investimos dos cidadáns é o resultado e á xente á que chegaron estas actuacións, pois ao mellor levamos unha sorpresa bastante grande. Niso, era cando incidiamos nós no tema do panel informativo, para que todos eses investimentos que vostedes levaron a cabo, houberan chegado a máis cidadanía e non a un reducido, pois moi pouca xente chegou. Porque moitas das actuacións, pois seguramente ao mellor o gasto era de dous ou tres mil euros, e estaban dez ou doce persoas vendo esas actuacións. Entón, a veces hai que reflexionar un pouco, que temos que dar, si, moitas actuacións culturais pero teñen que chegar á xente, senón estamos investindo mal os cartos. E logo volvo incidir outra vez, no tema do gasto de persoal, que non eran 382.000 euros en catro anos. Son 382.000 euros en dous anos. Entón, ese aumento, agora, volvo outra vez a repetir, hai problemas en cas todos os departamentos do concello, porque hai protestas dos traballadores. Ou sexa, aumentouse todo ese gasto, aumentouse as retribucións e moitas cousas que antes os traballadores non tiñan, e non entendemos como hai problemas nos servizos, coma falaron aquí antes da gardería e como falamos de outros servizos do concello. O tema do tesoureiro. Si, contratamos tamén un tesoureiro, antes quero dicir tamén que contratáramos un dinamizador que agora tamén non o queremos. Habíase defendido tamén a capa e espada iso, e agora, ao parecer non fai falta. Entón tamén, algo de autocrítica, a veces en inversións que levan feito, que non foron as axeitadas. E co tema do tesoureiro, pois miren vostedes os problemas que temos, ou sexa, canto máis persoas, para realizar o servizos, temos máis problemas na administración do concello. Non o entendemos. Se nolo explican. E







## CONCELLO DE BARBADÁS

despois, xa que está aquí a interventora, tamén, se nos explica porque se o teito de gasto, as conclusións do informe de intervención, son 6.262.693, por que o gasto previsto para o orzamento son 6.396.211. Eu quixera unha explicación, aquí no pleno, se pode ser. Ah! Ben, e facer unha mención simplemente ao dos carteis. Eu, tamén non entendemos porque se aínda hai dous anos se gastou diñeiro do remanente en obras aquí neste concello, e non se colocou ningún cartel, agora de repente, non sei se é porque faltan quince días para as eleccións, ou da campaña electoral, das obras aprobadas do remanente no verán pasado, porque estas obras son do verán pasado, primeiro, como chegamos a pasar case un ano para que se vaian a realizar esas obras

**O Sr. Alcalde toma a palabra:** Ramón, leva seis minutos, non me din conta.

**O Sr. Padrón toma a palabra (Grupo Mixto):** Ben, pois déixoo para despois.

**O Sr. Alcalde toma a palabra:** Leva seis minutos. Desculpe. Señora Fina, ou dona Fina.

**A Sra. Varelas toma a palabra (DO):** Nada. Eu vou volver incidir no que dixen antes. Se algo teño que darlle a razón ao señor tenente alcalde e que solo industrial, non temos. Pero non todo ten que ser para grandes industrias. Pode ser servizos e comercio. Volvo a repetirvos. Pola miña profesión, que teño, no día a día, vexo a importancia que ten a Valenzá, para Barbadás. Vexo a riqueza que ten que podemos explotar en beneficio de tódolos veciños. Temos unha poboación moi nova. Unha poboación de mozos e nenos, que deica a uns anos, esas persoas van a traballar. Esas persoas, van a darnos máis riqueza. Nós temos que apostar por eles, pola xente nova, polos nenos pequenos, pola mocidade. Non podemos conformarnos con “é o que temos”. Non, señor Fírvida, non é o que temos. Temos que loitar con uñas e dentes para sacar isto adiante. Isto é coma un negocio. Cando ti tes un negocio e a facturación é igual a gastos, ou cerras o negocio, ou dis, voulle dar unha volta de folla a isto e teño que sacar isto adiante e ver onde hai que sacar as cousas. E temos materia para sacar cousas. Non temos materias para grandes empresas. Non. Vamos a dicir o que non se pode facer. Pero si tamén, esta nas mans de todos nós, os políticos, ir ás administracións e pedir. Porque, independentemente da cor que teña o presidente, o alcalde, temos que pedir, porque senón pedimos, hai un dito galego que di que o que non chora non mama. Pois isto é o mesmo. Temos que esixir dunha vez por todas que nos manden diñeiro porque, o ideal sería, que algún





## CONCELLO DE BARBADÁS

concelleiro, da próxima corporación, estea na Deputación, coma deputado provincial, e alí nos defenda con uñas e dentes. Aí, é onde temos que facer moito. Dende aí, podemos facer moito por Barbadás. E é o que hai que facer. Tirar por esa liña, independentemente, volvo a dicir, das cores. As cores non valen de nada. Vivimos nunha poboación de 11.000 veciños, que somos algúns máis e non lle podemos dicir “ é que eu son de tal e eu son de cal”. Non, somos todos uns. Todos somos veciños. Entón, eu convídvos a todos, que o futuro goberno loite por esa liña; que nos apoiemos; que non fagamos políticas baratas, ataques persoais, descualificacións, senón, sexamos un pouco máis intelixentes e saquemos este concello noso, adiante. Porque vouvos a dicir, para min, vivir en Barbadás, é un orgullo. E cada día, sinto máis orgullo da miña poboación. Pero, non lle estamos pagando na medida que lles corresponde. Estamos, non defendendo coma nos defenderíamos a nós na nosa casa. Eu sempre digo, o diñeiro público, telo que tratar coma teu. Coma fas na túa casa. Ti, se na casa cobras mil euros, teste que administrar. Pois aquí témonos que administrar, pero, mirar onde xerar máis. Porque se seguimos así nesta liña, vamos a crear unha pobreza absoluta. Vamos a ter unha necesidade en calquera pobo do concello e non vamos ter diñeiro, para arranxar nada. Nin para sequera cambiar un saneamento, nin para facer absolutamente nada. Porque estes orzamentos son, comido por servido. Entón, o dito, loitemos nesa liña, governe quen governe, que levante o cu da cadeira e que traballe por todos nós. Grazas.

**O Sr. Alcalde toma a palabra:** Grazas, dona Fina. Ten a palabra a voceira ou voceiro do Partido Popular.

**A Sra. Vispo toma a palabra (PP):** Señor Ramón. Isto son alegacións que se fixeron, no orzamento do ano 2018. Fixemos alegacións, a ver, podemos cambiar, nós podemos dicirlle ao grupo de goberno, vale?, eu non quero darlle explicacións nin leccións, non son quen para darllas, pero se nós vemos algunha partida onde se pode sacar, loxicamente, que era o que dicía o señor Fírvida, e poñela noutra partida que entendemos, ao mellor este grupo, que é máis factible e traería melloras para os veciños de Barbadás, nós somos quen de poder traelo e que se aproben ou non. De feito, non se aprobaron as emendas no ano 2018. Nós vamos, creo que ao principio de todo dixen que non íamos aprobar os orzamentos porque entendemos que se poden facer alegacións, que hai partidas para sacar, coma xa reiteramos, que poden ser os gastos de persoal





## CONCELLO DE BARBADÁS

innecesario neste concello, coma é o tesoureiro, que serían oitenta mil euros, que poderíamos meter noutra partida, para mellorar outra, pois ao mellor para emprego, para xoves. A ver, canto tempo levamos sen obradoiros de emprego? Eu, señora Fina Varelas, ten que dicirme vostede, que fixo este grupo de goberno, para traer emprego e riqueza, a este concello. Ningún. Ningún. É que refírome a vostede non por mal, senón porque vostede o dixo. Vale? Enténdame ben. Vou ao contrario, ou sexa, dicíndolle que efectivamente este grupo de goberno, nestes catro anos non trouxeron ningún obradoiro. Mire, vamos a ver, industria. Industria. Non, soamente, nos temos que ir ao parque empresarial, que estea ben ou estea mal, eu non estaba nese momento, nesa lexislatura, se o fixeron correctamente ou o vamos deixar, viven no pasado. Viven no pasado. Levamos catro anos dicindo o que fixo mal o Partido Popular. Se hoxe estamos en Barbadás e vivimos en Barbadás e como dixeron os meus compañeiros, nos gusta vivir neste concello, os que entremos, ou os que entren, o 26 de maio, teñen que mirar cara o futuro. Non soamente se poden buscar industria. Mire, aquí temos montes comunais onde se poden facer convenios con eses propietarios deses montes comunais e podemos ir polo sector da gandería, da agricultura. Non ten porque ser todo industria. Pódense facer moitos tipos de convenios. O que hai que ter é disposición e gañas de facer o traballo. Non coma estes catro anos. O que dicíamos antes dos servizos que estamos dando á cidadanía. Voume referir, neste momento a varias escolas. Ás escolas deportivas que antes non as toquei. As escolas deportivas, éramos un referente durante moitos anos. Moitos anos. Neste momento, estamos de capa caída. Vamos a ter os que entren, volver a darlle unha volta a todas as escolas deportivas. A escola de música, era un referente, e se fixeron cousas ben, señora Ánxela, ben, e dámoslle a noraboa. Non. A ver.

**O Sr. Alcalde toma a palabra:** Ánxela, Ánxela, por favor.

**A Sra. Vispo toma a palabra (PP):** Non me deixou terminar. É que aí era onde ía eu. Grazas aos profesores e ao director desa escola. Non a vostede. Vale? Non a vostede. As ideas saen deses profesores, que andan errantes cos nenos dun lado para o outro. Pero mire, ese referente desa banda, podía ser moito máis alto, moito máis alto, se se coidaran un pouquiño máis, igual ca nas escolas deportivas. O que quero dicir con isto, é que ao que lle toque entrar en maio, o 26 de maio, ten un duro traballo. Non vai ser





## CONCELLO DE BARBADÁS

fácil gobernar este concello. Para cubrir todos os servizos básicos, para cubrir todas as necesidades dos nosos veciños, non hai inversión, e hai que busca-la. Eu creo que o que se base en buscar inversión para este concello, ingresos, vairo ter fácil, porque os servizos témolos. Hai que mantelos, e darlle á cidadanía o que se merece porque están pagando os seus impostos. Os nosos impostos. Pero que realmente, non se están neste momento, dando os servizos que lle corresponde a cada cidadán e as queixas están na rúa. Dixen que non íamos aprobar os orzamentos, e unha, creo que os cinco minutos que

**O Sr. Alcalde toma a palabra:** Quédanlle cinco segundos.

**O Sr. Fírvida toma a palabra:** Pois déixoo para a última. Grazas.

**O Sr. Alcalde toma a palabra:** Ten o señor tenente alcalde cinco minutos.

**O Sr. Fírvida toma a palabra:** Cinco minutos.

**O Sr. Alcalde toma a palabra:** É a última intervención con cinco minutos. Si, quedamos niso.

**O Sr. Fírvida toma a palabra:** Vale, pois agradézoo. Ben, entón teño un pouco máis de tempo. A ver. Señor Ramón, a vostede moléstalle a cultura. A vostede moléstalle o turismo. Moléstalle a dinamización cultural e turística. É unha teima que ten vostede dende hai tempo. Pero eu só quero recordarlle unha cousa. A promoción turística e cultural, está comprobado que tamén supón crecemento económico para os lugares onde se desenvolve. Está relacionado directamente coa economía e tamén co aparte de cuestións sociais, tamén coa economía dunha zona. O gasto de persoal aumentase en tres centos e pico mil euros, pero iso tamén redundará en mellores prestacións de servizos. Está derivado, sobre todo, de que este goberno tivo que aceptar as sentenzas xudiciais onde se lle recoñecía por exemplo a quince traballadoras do servizo de axuda no fogar, que se lles aplicase o convenio galego e que cobrasen como lles correspondía en función do seu posto de traballo. Cuestión que antes non estaban cobrando. Cobraban seiscentos e setecentos euros. E agora cobran como cobran no resto de Galicia polo convenio de Galicia. E o resto son incrementos salariais que se aplicaron en todo o Estado español. Revalorizacións de salarios despois da crise económica onde houbo moitos anos de conxelación e de redución dos salarios dos empregados públicos, nos últimos tres anos, está habendo uns incrementos, unha recuperación dos haberes deixados de percibir e unha recuperación salarial. Non en Barbadás, senón en toda a administración pública. E





## CONCELLO DE BARBADÁS

despois, créanse novos servizos, coma é o CIM ou coma é a ampliación do servizo de axuda no fogar que se ampliou a fins de semana e se ampliou tamén unha persoa para prestar ese servizo, que tamén son salarios. Cando se fala salarios, dá a sensación de que estamos falando de gasto, e habería que matizar. Porque moitos destes salarios, eu os considero que son un investimento, porque se aumentamos o servizo de axuda no fogar, estamos aumentando o investimento en prestacións á cidadanía que máis o necesita do concello. A quen máis o necesita, sobre todo persoas maiores. E así por exemplo, co Centro de Información á Muller ou con outros servizos que se cobren, si, con postos de traballo que se prestan directamente dende o concello. porque é moi fácil reducir a partida de salarios. Quere que lle diga como podemos reducir oitocentos mil ou cinco centos mil euros en salarios ? Facer coma fai en Ourense o Partido Popular, privatizando o servizo de axuda no fogar. Dándollo a unha empresa privada. E xa reducimos, claro, teríamos unha partida, que sería traballos realizados por outras empresas, cinco centos mil euros. Esa é a diferenza. Señora Fina. Incremento de servizos sociais, insuficiente. Absolutamente de acordo con vostede. Para min tamén o é. Para min tamén o é. Pero quero recordarlle que sempre, dende que gobernamos nós, cando esa partida estivo a piques de desaparecer, incrementámola con transferencias de crédito para atender á cidadanía do concello. Nunca nos últimos catro anos, quedou unha emerxencia social de Barbadás, sen ser atendida. Nunca. Porque cando estábamos chegando a cero, metíamos diñeiro nesa partida para atender esas demandas. É así. Animais. 7.000 euros, veterinario. 2.000 euros pensos para gatos e 2.000 para cans. 11.000 euros en animais. Pode ser pouco diñeiro. A outras persoas pódelles parecer moito. Eu creo que é unha cantidade. Seguramente sexa insuficiente, depende a quen. A outros que ao mellor non lles gustan os animais dirán o contrario. Ir ás outras administracións? Totalmente de acordo. Petamos en todas as portas. Tivemos reunións en todas as consellerías. Fomos a tocar á FEGAMP, á Confederación Hidrográfica, a Medio Rural. Fomos a Educación, fomos a todos os sitios. Pedimos obradoiros de emprego, que dicía a señora Consuelo Vispo, que non temos obradoiros. Non, claro que non temos. Pedímolos e a Xunta non nolos deu. Señora Consuelo, ñeñeiros de empresas no CET. Mire, por primeira vez, o CET, o Centro Empresarial de Barbadás, empezou a funcionar no ano 2015, porque antes era un edificio esquecido, abandonado e sen orzamento. E a partir dese ano,





## CONCELLO DE BARBADÁS

tamén, grazas á colaboración e axuda da directora dese edificio e dese servizo, creáronse niñeiros de empresa, creáronse unha oficina virtual; alí hai empresas como Adercou, grupos de desenvolvemento rural, e estase traballando activamente pola promoción de emprego, como fai, que non tiveren tempo, síntoo, a concelleira de comercio e estase saíndo axudas, estase promocionando o comercio e estase facendo non o que quere este goberno, senón o que queren os comerciantes que lle solicitan á concelleira a súa colaboración e lle din en que ten que investir o diñeiro e ela os atende puntualmente. Senón, vaia a falar con eles. Non se lles dan subvencións porque a subvención se lles está dando dende promoción económica. Problemas? Home, di vostede que non hai problemas

**O Sr. Alcalde toma a palabra:** Ten que ir rematando.

**O Sr. Fírvida toma a palabra:** Para non crear alarma social, pero veñen vostedes a creala. Quen está contaminando ás nais e pais deste concello para presentar demandas, calumniosas, insidiosas e cheas de falsidades e que o vamos demostrar? Quen o está facendo?

**O Sr. Alcalde toma a palabra:** Rematamos.

**O Sr. Fírvida toma a palabra:** Quen está contaminando á cidadanía para cargarse a este goberno?

**O Sr. Alcalde toma a palabra:** Xosé Manuel, ten que rematar.

**O Sr. Fírvida toma a palabra:** E o vamos a demostrar.

**O Sr. Alcalde toma a palabra:** Señor Ramón, ou don Ramón, ten cinco minutos. É a última intervención, xa.

**O Sr. Padrón toma a palabra (Grupo Mixto):** Moitas grazas. As alegacións, volvemos a repetir, esas alegacións pódense facer aquí. Vamos a ver, non quero perder moito tempo con isto. Esas alegacións non valen para nada. Son sobre cuestións técnicas, é simplemente dicirle ao goberno, mire, non queremos que gaste 80.000 euros aquí, coma dixo vostede antes, gástenos nisto outro. Pero se eles xa lle van dicir aquí no pleno que non van a facer o cambio, digo, que non van facer o cambio, por moita alegación que presente, por moita alegación que presente, esas alegacións creo que non se van a tramitar porque non se van levar ao pleno. Eu creo que non, non sei, que informen os técnicos.





**O Sr. Alcalde toma a palabra:** Non nos interrompamos.

**O Sr. Padrón toma a palabra (Grupo Mixto):** Se é sobre cuestións técnicas si, iso é o que tiña entendido eu, pero ben, non vou polemizar sobre iso. Señor Fírvida, nós non estamos nin en contra da cultura nin o turismo. Estamos en contra do investimento que se fixo, que non deu o resultado axeitado. Iso é ao que me refería. Entón, non, por favor non faga demagogia e nos tache de que somos incultos e que non nos gusta que veña ninguén a vernos. Ben, era un falar. Mire, vostede di que... nós non, dixemos gasto de persoal, dixemos gasto de persoal, perdoe, pero tamén falei que era unha inversión. Dixen que a inversión que fixemos en persoal, a inversión que fixemos en persoal, non é acorde co servizo que estamos dando e cos problemas que estamos dando no servizo, e que os está vendo a cidadanía, e as queixas veñen da cidadanía, non veñen de nós. Entón, dixeron, a inversión que fixemos en persoal, moi forte, non está dando o resultado adecuado. Iso é o que dixemos. Non dixemos que fora un gasto. Porque se investimos en persoal é para dar servizos mellores á cidadanía. Se non llos damos e hai queixas da cidadanía é que estamos facendo unha mala inversión en persoal. Nada máis. Por iso, non dixeron que reducíramos iso, que houbera que reduci-lo e contratar unha empresa privada. Non. Pero se investimos en persoal que o servizo que deamos, sexa o axeitado para que a cidadanía estea contenta. Sobre o CIM, non estamos en contra do CIM, ao contrario, apoiámolo. Pero dixemos que por quere-lo facer vostede, o que pasa que o fixeron mal, por quere-lo facer a presa e correndo e quere-lo ter canto antes, pois non buscaron a axuda doutros concellos que a Xunta, conseguiríamos máis financiamento da Xunta, e total, ao fin e ao cabo, se ven unha persoa dun concello limítrofe a facer uso dese servizo, vámolos ter que atender, que eu saiba. Non lle vamos a pechar a porta. Polo tanto, creo que debería ser coma lle dixeron. Entón, simplemente a crítica é esa, non é outra. Non a leve por outro camiño. Vostede xa dixo o outro día en comisión informativa que estes eran uns orzamentos continuistas, e polo tanto, nós repetimos outra vez que non, estamos de acordo en moitas partidas do orzamento, está claro que non estamos en contra do orzamento ao completo, pero non é o orzamento que nós elaboraríamos, como lle dixemos o ano pasado. E quero que me responda, se pode ser, que creo que hai un minuto, despois, ou non

**O Sr. Alcalde toma a palabra:** Sería a última intervención. É o que decidimos, en lugar





de ir un minuto, serían de cinco minutos. Ah! Ben, para responder? Si

**O Sr. Padrón toma a palabra (Grupo Mixto):** Que me responden, que me responden por favor, por que, que decisión, quen toma a decisión se o teito de gasto se supón en 6.262.000 euros, ben 693,41, por que se fai un gasto previsto de orzamento de 6.396.211? Cal é o motivo? Se é un motivo, simplemente, para maquillar, e dicir que subiu o orzamento do ano pasado a este? Se é unha decisión política? Ou se é...supoño que será unha decisión política porque o gasto previsto quen o ordena é o goberno. O teito de gasto supoño que ven derivado polos informes técnicos de intervención. Entón, por que se decide prever ese gasto para o 2019 superior, do que é o teito de gasto, que segundo comisión informativa nos dixeron que por culpa diso vamos estar tutelados pola Xunta de Galicia. Entón, que repercusións vai ter iso e que nos explique un pouco e nos fale sobre ese tema. E nada, ben, antes o que me dicía dos carteis, os carteis si se poñen, xa digo, fai dous anos non se puxeron, non sei cal é o motivo de poñelos agora, aparte que supoñen un gasto tamén, pero tamén que se poñan nas obras onde se vai facer a obra, porque parece que o que poñemos non sei, onde hai máis xente para que os vexan, ou algo así. E despois, tamén dicírlles que hai algúns carteis que os atornillaron contra a pedra dos cerres dos donos da casa. Eu, en fin, porque saíu a colación e acordounos iso agora mesmo. Moitas grazas.

**O Sr. Alcalde toma a palabra:** Anotou? Si? Grazas. Dona Fina, ten a última quenda, que son cinco minutos tamén.

**A Sra. Varelas toma a palabra (DO):** Aos orzamentos, dicirvos o que vos dixen antes, un pouco. Non son os orzamentos que eu faría, tampouco. Non os faría neste momento, tampouco. Obviamente, os presupostos sería ideal que estiveran a finais do ano pasado ou coma moi tarde a principios deste ano. Non considero que fora á altura axeitada a este pleno dos orzamentos, tan enriba dunhas eleccións. Son uns orzamentos que non contan coa miña conformidade, absoluta. Polo tanto, non vou votar a favor, pero tampouco vou votar en contra. Voume abster. Como dixen, non vou entrar mil euros aquí, mil euros alá. Non o penso facer porque non ten sentido. Non me gusta a forma en que se fixeron, nin nos prazos que se fixeron, nin estou de acordo por non dicir, estou coa metade deles, non estou de acordo. Pero, como hai cousas que si me gustan; como hai cousas que si as entendo, vai a ser, pola miña parte, coma Fina Varelas, unha





abstención.

**O Sr. Alcalde toma a palabra:** Moitas grazas dona Fina. Ten a palabra a voceira ou voceiro do Partido Popular.

**O Sr. Fernández toma a palabra (PP):** Grazas señor Alcalde. Simplemente unha pequena intervención porque é un tema que, concretamente, teño bastante coñecemento dilo, sobre un tema que acaba de sacar o señor Fírvida a colación da intervención da miña compañeira Chelo Vispo. Dicía o señor Fírvida que este concello solicitou obradoiros nesta última lexislatura. Pois téñolle que chamar mentireiro. E téñolle que chamar mentireiro por dúas cousas, primeiro, porque se os presentou, fíxolle perder o tempo aos funcionarios desta casa. Porque se quero sácolle as convocatorias da Xunta, dos plans de empregabilidade, e para conseguir obradoiros, hai que reunir un mínimo de desempregados, e se non se chega a ese mínimo, vostedes pódense mancomunar cos concellos limítrofes e non o fixeron porque os concellos limítrofes non se fían de vostedes. Eh!. Entón non diga que os solicitaron porque é auténtica mentira. E primeiro, para solicitar calquera plan de emprego, calquera obradoiro, primeiro hai que facer unha labor de campo. É dicir, hai que contar primeiro cun orientador laboral ou cun ADL, un axente de desenvolvemento local e este concello non apostou por elo e nin llo procurou aos veciños de Barbadás. Entón, ese é o problema, preferiron optar por turismo, e agora despréndense deles; preferiron optar por un dinamizador cultural e agora despréndense deles e por un tesoureiro, que non está a facer o seu traballo. Moitas grazas. Non engane á cidadanía.

**O Sr. Alcalde toma a palabra:** Moitas grazas.

**A Sra. Vispo toma a palabra (PP):** Non, non..

**O Sr. Alcalde toma a palabra:** Moitas grazas a el.

**A Sra. Vispo toma a palabra (PP):** Sigo con esa forza do meu compañeiro Manuel. O PXOM, está gardado nun caixón estes catro anos. Que todos os veciños o saiban. A RPT, está nunha caixa forte. Despois, hai un convenio, ou sexa, este alcalde está en trámites dun convenio colectivo cos traballadores, que neste momento están saíndo á rúa á reivindicalo. E como dicía antes, cando se me cortou o tempo, na segunda intervención, o Partido Popular, non vai aprobar estes orzamentos e este é un dos motivos principais. Porque non vemos ningunha partida e non a vai haber no ano



## CONCELLO DE BARBADÁS

2019-2020, unha partida para equiparar os soldos dos traballadores. É dicir, que aos traballadores, que aínda que saian á rúa, que non hai ningunha partida para que isto se solucione. Que o teñan claro. Despois, señor Fírvida, responsable da gardería? Aquí o responsable da gardería é o señor concelleiro que leva a gardería. Mire, en ningún momento, creamos unha alarma social, dende o ano pasado que sabemos todos os problemas. Démoslle tempo e tempo, o Partido Popular, de que arranxaran os problemas da gardería. Non o fixeron. E os pais, que quede constancia, neste momento, son os que viñeron, son os que viñeron a falar con nós. En ningún momento lles dixemos o que tiñan que facer. O que tiñan que facer. Mire, todo se empeza, neste concello, polo tellado. Neste momento o remanente de tesourería non o tocou o grupo de goberno, porque, soamente lle vamos dicir, este sábado estivemos moitos de nós en Bentraces, na feira do 21. Cal é a nosa sorpresa que vemos o cartelón que di o señor Padrón, ancorado á pedra da igrexa, ben iso xa, vai por outro lado; pero coméntannos que se van a quedar sen festas neste pobo, porque se puxeron en contacto co señor alcalde e lles di que claro, que os prazos son os que son, e que non, e que lles vai dar tempo. Eles póñense en contacto coa empresa e lles di que non, que neste momento estaban, se non me equivoco, Nieves, corríxeme, en Celanova, non?, terminando outra obra. Iso é o que fai este grupo de goberno. A pista de skate? Paralizada. A Casa da Mocidade? Paralizada. A pista de skate a teño, a vexo todos os días dende a miña casa, señor Fírvida e teño constancia de que non se lle pagara a quen está realizando a obra. Mire, melloras de prestacións de servizos? Vostede di con 385.000 e para rematar, creo que xa, creo que me queda pouco tempo

**O Sr. Alcalde toma a palabra:** Quédalle algo. Quédalle algo.

**A Sra. Vispo toma a palabra (PP):** O que dicía ao señor Padrón, melloras de servizos, señor Fírvida? Dígame vostede onde están contentos neste concello? Os pais e os servizos que se están prestando? Axuda a domicilio? Mire, por desgraza, por desgraza, ter unha persoa dependente e que lle teñamos que dar un servizo de axuda a domicilio, é moi difícil que se lle cambia a unha persoa, e llo vou dicir ao bruto, ao bruto, que veñan catro persoas a cambiar o cu á túa nai, ou ao teu pai, vale?, distintas, ao mellor nun mes. Se é a miña nai ou se é o meu pai, señor Sarín, non me gustaría que o fixera, e é así. Incluso, en vacacións, hai cantidade de problemas. O servizo está funcionando moi mal.





## CONCELLO DE BARBADÁS

Ou sexa, non queira vostede agora rebaterme algo que realmente os veciños están protestándolle a vostede diariamente, vale? E ao señor Alcalde que tamén é coñecedor do tema. Mire, todos os nenos e os maiores, son a nosa poboación máis esixente e non estamos cumprindo con elo. Isto é como funciona durante catro anos. O 26 de maio verémonos nas furnas. Grazas a todos.

**O Sr. Fírvida toma a palabra:** Moi rápido. Remanente.

**O Sr. Alcalde toma a palabra:** Non hai, acabouse, eran cinco. Si, ten razón, quedamos todos a cinco. Si. Non. Son os cinco de antes, rematou.

**O Sr. Fírvida toma a palabra:** Pero esta é a segunda intervención.

**O Sr. Alcalde toma a palabra:** Era a terceira, era a terceira, si. É a terceira, si, si. Tres, houbo tres intervencións, xa de todos. Si. Eran tres intervencións. Vamos a ver. Intervenío eu.

**O Sr. Fírvida toma a palabra:** Claro, é que sempre pecha o poñente da moción, pecha. Toda a vida. Haxa unha, dúas ou tres, sempre pecha o que pon a moción. Toda a vida foi así.

**O Sr. Alcalde toma a palabra:** Non, dimos para todos cinco minutos.

**O Sr. Fírvida toma a palabra:** Pero ti tamén tiveches tres intervencións. Entón pecho eu. Sempre foi así.

**A Sra. Varelas toma a palabra (DO):** Señor Alcalde, porque fale un minuto non pasa nada. Non pasa nada.

**O Sr. Alcalde toma a palabra:** Que fale un minuto. Espera que acabe

**O Sr. Fírvida toma a palabra:** Pero sempre foi así, eh!

**O Sr. Alcalde toma a palabra:** Vou falar eu.

**O Sr. Fírvida toma a palabra:** Sempre pechou o poñente

**O Sr. Alcalde toma a palabra:** Se falades todos, non nos enteramos.

**O Sr. Padrón toma a palabra (Grupo Mixto):** Quería facer só unha petición se fora posible. Que houbera ..... ao portavoz

**O Sr. Alcalde toma a palabra:** Non, non están de acordo, Ramón.

**A Sra. Vispo toma a palabra (PP):** Non é estar en contra vosa, pero isto, máis debatido.

**O Sr. Alcalde toma a palabra:** Señor Ramón, si que facemos autocrítica. Claro que





## CONCELLO DE BARBADÁS

facemos autocrítica. Este goberno, debe, máis ben, pór na balanza, ten que pór na balanza, éxitos e fracasos, e dende logo que pesan bastante máis os éxitos que os fracasos. Somos un concello que ten menos, quería lle dicir ao señor Ramón tamén, porque ten menos de cinco centos desempregados, actualmente. Menos de cinco centos desempregados. Perdón, eu non interrompín. Eu non interrompín a ninguén nestes quince minutos que tiveron cada un de vostedes para falar. Por favor, pido ese mesmo respecto. Ou víronme a min interromper? Responda. Pois, evidentemente. Pido ese respecto, por favor. Somos un concello que temos menos de cinco centos desempregados. E polo tanto, non podemos optar a certas achegas. Señor Ramón, vostede di, palabras textuais, cantidade de servizos impresionantes. É certo, este concello, presta moitos servizos. Moitos servizos que outros concellos desta provincia non prestan. É certo que moitos deles precisan melloras, pero a amplitude deses servizos fai que as veces haxa carencias, que intentaremos e estamos intentando solventar día a día. É certo que se precisa financiamento, pero coma dixen, este concello, reduciu impostos, taxas e prezos públicos. Temos, probablemente, ou sen dúbida algunha, os impostos, prezos públicos e taxas, máis baixos de toda a provincia. Máis baixos de toda a provincia. Coma dixo o señor Tenente Alcalde, reducimos o valor catastral nun 8% que era o máximo total permitido naquel momento. Temos o tipo impositivo do IBI, o máis baixo que permite a lexislación. O Imposto municipal de Vehículos, ocorre o mesmo. Compare Ourense con Barbadás; compare San Cibrao con Barbadás; compare Toén con Barbadás; compare Amoeiro, Coles ou Taboadela con Barbadás. Temos bonificacións para os vehículos híbridos. Creo que lembrar que é do 75%. Non o hai na nosa contorna. Non o hai na nosa contorna. Entón, quero dicir que iso, repercute, evidentemente, de forma directa no que é un orzamento. Señora Fina Varelas, subscribo integramente o que dixo vostede en canto ao financiamento. Subscribo integramente o que dixo vostede en que temos que ter deputados provinciais, sexan da cor política que sexan, eh!, que loiten polo noso concello na Deputación Provincial. É así. Subscribo o que dicía antes, que eu expuxen na miña memoria. Aquí estamos ao albor de que o presidente da Deputación ou os seus asesores decidan pór o dedo nun concello ou noutro para dicir que haxa financiamento ou non. Mire, señora Chelo Vispo, señores membros do Partido Popular. Vostedes, di vostede que se nos vendemos moi ben. Mire,





## CONCELLO DE BARBADÁS

vostedes non se venderon moi ben. Vostedes sabían comprar vontades, que é bastante diferente. Non sabían vender, sabían comprar vontades. Hai unha diferenza moi considerable. Fala vostede de comercio. Este goberno, fixo en catro anos, moitísimo máis do que todos vostedes, concelleiros do Partido Popular, fixeron en catro anos. Mire. Lembrar o éxito de “Barbadás a bocados”, que creo lembrar que houbo máis de catro mil participantes. “Noite moucha” a petición dos comerciantes. Campaña dos namorados, Outlet de Barbadas... onde estaban vostedes os últimos vinte e oito anos, promovendo o outlet de Barbadas. Non o recordo, non os vin, e levo doce anos sendo concelleiro. Non estaban alí, nin se lles ocorreu nin se lles pensou ou pasou pola cabeza. Mire, lembrarllas que ata que chegou este goberno, non había concellería de comercio. Non existía. Missing. Desaparecida. Lembrarlle a todos vostedes, que este concello, dispón ou ten, vinte e oito establecementos comerciais máis dende hai catro anos para aquí. Non sei vostede de que peche fala. Hai vinte e oito establecementos comerciais máis que hai catro anos. Señora Chelo, vostede dedíquese a mirar as estatísticas, compare, estableza comparativas, entón despois saque conclusións. Entón despois terá posibilidade de falar con contundencia e con coñecemento de causa. Vinte e oito establecementos comerciais máis. Outlet de Barbadas, dúas edicións. Barbadas a bocados, Noite moucha, mire, non hai color, señora Chelo. Non hai color. Falan do alumeado. Mire, saben perfectamente, vostedes, que se instalou alumeado novo nas Estesas, aquí na parroquia de Barbadas; na estrada de Piñor; led en Loiro, led no Fonsillón; melloras do alumeado na calzada romana. Na Brigueira, entre Sobrado e Bentraces. Na estrada de Celanova en Bentraces. No parque da Casa da Cultura e no parque da Solaina, e da Liberdade, reforzouse o alumeado público. Instalouse led na rúa que hai entre a rúa do Areal e a avenida de Celanova, na Valenzá. Dito iso, apostamos polo rural, señora Chelo. Apostamos polo rural. Melloras, melloras non, obra nova no Camiño do Cruceiro en Piñor. Miren, hai un montón de cuestións ou de exemplo que se poden dar para todo isto. Mire, a ver que llo digo, agora. Está aquí anotadiño. Rúa Godexás, Camiño do Pito, Rúa do Tangaraño en Parada, a Brigueira, melloras, Eloy Sabuz, Camiño do Regueiro, Camiño do Rosario en Barbadas. Rúa dos Muíños, camiño Ponte Seoane, rúa Calzada. Estase facendo a rúa dos Emigrantes e a rúa Campiña, Canella da Aira, e Barrio da Cal e preto de Cabeza de Vaca. Mire, nós apostamos polo





## CONCELLO DE BARBADÁS

equilibrio entre o rural e o urbano. Non sei que máis lle podo dicir en relación a ese tema. Mire, as alegacións, eu teño anotado, vou por orde. Igual me trastoco un pouco. As alegacións, vostede pode presentar as alegacións que queira. Non, non, vou acabar, vou acabar, xa. Alegacións poden dicir, poden presentar as alegacións que queiran, pero técnica mente hai tres causas de alegación, que son taxadas coma ben dixo o señor Ramón. Despois, mire, as actuacións musicais, as actuacións culturais, teñen e contemplan, isto vai para o señor Ramón tamén, teñen que contemplar aos colectivos que teñen menos visibilidade. E polo tanto, pode haber actuacións que teñan menos presenza de público. Pero é normal. Cando se destinan tamén, actuacións para persoas que teñen menos visibilidade, colectivos que teñen menos visibilidade, vai a acudir menos público. Os obradoiros de emprego, sabe vostede que hai algúns que non se poden solicitar porque como lle dicía eu non chegamos aos cinco centos traballadores desempregados. Si, si, pero ao mellor, non é que desconfíen de nós, ao mellor é que pola cor política non queren traballar con nós. Señor Manuel. Mire, sabe vostede tamén, sabe vostede tamén que non podemos acceder ao Fondo de Garantía Xuvenil? Porque tamén temos un paro xuvenil moi por debaixo dos requisitos marcados pola lexislación. Vale. Escolas deportivas. Mire, señora Chelo, fala vostede das Escolas Deportivas. Mire, ata que chegou este goberno, ata que chegou este goberno, voulle pór un exemplo, os nenos e nenas da escola de baloncesto, non tiñan petos acaecidos para a práctica deportiva. Sabe que petos usaban? Petos de obra. Petos de obra. Petos de obra. Mire, as escolas que non xestionamos nós directamente, seguen xestionadas polas mesmas persoas que xestionaban cando gobernaban vostedes. Están moi agradecidos das melloras que se levaron a cabo neste goberno. Vou falar de persoal, que é unha área que me compete e que ninguén falou tamén. Mire, nós contratamos ao persoal utilizando os criterios que marca a lei; igualdade, mérito e capacidade. Cousa que vostedes,

**A Sra. Vispo toma a palabra (PP):** Non fale, non fale diso, señor Alcalde. Unha lista que teñen.... Non fale, non fale.

**O Sr. Alcalde toma a palabra:** Cousa que vostedes supostamente non facían, non facían. Señora Chelo, iso é mentira. Iso é mentira.

**A Sra. Vispo toma a palabra (PP):** Como que é mentira!

**O Sr. Alcalde toma a palabra:** Criterios de igualdade...Chelo, eu interrompinlle a





vostede?

**A Sra. Vispo toma a palabra (PP):** Non me tome o pelo

**O Sr. Alcalde toma a palabra:** Interrompinlle a vostede. Criterios de igualdade, mérito e capacidade.

**A Sra. Vispo toma a palabra (PP):** Non dea por saco, home, por favor

**A Sra. Secretaria toma a palabra:** ... que isto está gravado, por favor.

**O Sr. Alcalde toma a palabra:** Estou dicindo, eu dixen, supostamente. O Partido Popular, non.

**A Sra. Vispo toma a palabra (PP):** Non.

**A Sra. Secretaria toma a palabra:** Parade, parade, por favor. Parade con ese tema.

**O Sr. Alcalde toma a palabra:** Contratamos, mediante listas de contratación que contemplan os criterios legais de igualdade, mérito e capacidade. Criterios que supostamente o PP non cumpriu. Non cumpriu. Utilizando criterios coma pode ser o dedazo.

**A Sra. Vispo toma a palabra (PP):** Gravado. Ademais.

**O Sr. Alcalde toma a palabra:** Supostamente. Supostamente. Mire, nós, este goberno, este alcalde está realizando a negociación colectiva cos sindicatos, dende hai

**A Sra. Vispo toma a palabra (PP):** Onde está o diñeiro, señor Alcalde.

**O Sr. Alcalde toma a palabra:** Dende hai catro, dende hai catro anos. Vostede, vostedes, durante vinte e oito anos, non foron capaces de levar a cabo unha negociación dun convenio colectivo cos traballadores. Os traballadores deste concello, os traballadores deste concello, por favor, por favor, os traballadores deste concello, maniféstanse libremente. Dito iso, só participa da convocatoria un sindicato, outro, non está de acordo coa convocatoria. A táboa salarial presentarase na próxima negociación colectiva que avanzou positivamente

**A Sra. Vispo toma a palabra (PP):** Onde está o diñeiro, señor Alcalde?

**O Sr. Alcalde toma a palabra:** Señora Chelo, somos nós os que gobernamos, non vostede. Na próxima negociación, e presentarase a táboa de salarios. Mire, saben vostedes e deben saber todos os veciños e veciñas de Barbadás que con vostedes, traballadores e traballadoras que desempeñaban o mesmo posto de traballo, cobraban diferentes salarios. Cobraban diferentes salarios.



## CONCELLO DE BARBADÁS

**A Sra. Vispo toma a palabra (PP):** E que fixo vostede durante catro anos? Gardalo nun caixón, na caixa forte.

**O Sr. Alcalde toma a palabra:** Señora Chelo e señor Manuel, mire, o alcalde cando se reuniu coa comisión de festas de Bentraces, comprometeuse con eles, con esa comisión de festas a que a Praza do Pumar, estaría lista para a festa nesa data. Si, si, queda gravado porque ademais dixémosllo aos veciños, si, si, si. Señora Chelo e señor Manuel e señores concelleiros do Partido Popular e concelleiras, este goberno, este goberno de coalición entre Bloque e Partido Socialista, foi capaz de pór en marcha a obra da Praza do Pumar en catro anos, que vostedes levaron a pedra, unha vez antes das eleccións e tivérona que retirar aos dous días das eleccións. Vostedes gobernaron vinte e oito anos este concello e non foron quen de arranxar a Praza do Pumar. Este goberno, en catro anos, vaina facer. Moitas grazas. Pasamos á votación. Pasamos á votación dos orzamentos. Votos a favor do orzamento?

**A Sra. Secretaria toma a palabra:** Votos a favor, BNG máis PSOE.

**O Sr. Alcalde toma a palabra:** Abstencións?

**A Sra. Secretaria toma a palabra:** Democracia, non perdón, Fina Varelas, abstención.

**O Sr. Alcalde toma a palabra:** En contra?

**A Sra. Secretaria toma a palabra:** En contra, Partido Popular máis Grupo Mixto, e Santi.

**O Sr. Alcalde toma a palabra:** Moitas grazas a todos e a todas. Non, non rematou o pleno. Resulta que parece ser que houbo un problema no procedemento do sorteo e témolo que repetir.

**A Sra. Secretaria toma a palabra:** Segunda votación.

**O Sr. Alcalde toma a palabra:** Ah! É que hai empate. A ver, segunda votación, que houbo empate. Oito votos a favor, oito en contra. Segunda votación. Votos a favor do orzamento?

**A Sra. Secretaria toma a palabra:** En caso de empate procederase a unha segunda votación e se persiste o empate, a lexislación, aplicarase voto de calidade do alcalde, sempre e cando sexan asuntos que non requiran a maioría absoluta. Seguimos, segunda votación.

**O Sr. Alcalde toma a palabra:** Votos a favor?







- O Sr. Fernández toma a palabra (PP):** Perdón Silvia, como resultado un empate?
- O Sr. Alcalde toma a palabra:** Oito, oito.
- A Sra. Secretaria toma a palabra:** É que eu estou intentando sumar, pero ides demasiado rápido.
- O Sr. Alcalde toma a palabra:** Non, non hai empate.
- A Sra. Vispo toma a palabra (PP):** É que Fina abstívose.
- O Sr. Alcalde toma a palabra:** Si hai empate, si, si que hai empate. Hai empate Chelo igual.
- A Sra. Secretaria toma a palabra:** A ver, un, dous, tres, catro, cinco, seis, sete, oito.
- O Sr. Alcalde toma a palabra:** Oito, oito.
- A Sra. Secretaria toma a palabra:** A ver, un, dous, tres, catro, cinco, seis, sete, oito. Oito a favor, oito en contra.
- O Sr. Alcalde toma a palabra:** Si, está claro. Temos que proceder a unha segunda votación. Votos a favor? Si, si, Santi, son oito-oito.
- A Sra. Secretaria toma a palabra:** Si, repítese. Agora contar vós.
- O Sr. Alcalde toma a palabra:** Non, sabemos contar nós. Catro, seis, oito, oito a favor.
- O Sr. Fírvida toma a palabra:** Se somos dezasete.
- A Sra. Secretaria toma a palabra:** Claro, oito e oito dezaseis máis unha abstención, dezasete.
- O Sr. Alcalde toma a palabra:** Si, si, exactamente.
- A Sra. Secretaria toma a palabra:** Agora, abstencións?
- O Sr. Alcalde toma a palabra:** Unha.
- A Sra. Secretaria toma a palabra:** Repítese. Votos en contra?
- O Sr. Alcalde toma a palabra:** Dous, tres, sete, oito. É ben fácil contar. O voto de calidade do alcalde, evidentemente é a favor.
- A Sra. Secretaria toma a palabra:** O voto de calidade simplemente é orientarse para manifestación do seu voto.
- Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobado cos votos a favor de PSdeG-PSOE e BNG, as abstencións de Serafina Varelas (Democracia Ourensana) e os votos en contra de PP, Grupo Mixto e Santiago González (Democracia Ourensana) e o voto de calidade do Alcalde, o seguinte acordo: **“Aprobación inicial do orzamento**



2019”

**O Sr. Alcalde toma a palabra:** Non hai dereito a preguntas nun pleno extraordinario. Síntoo pero a lexislación

**A Sra. Secretaria toma a palabra:** Non tedes que preguntar xa agora. Non se pode ir ninguén que temos que facer novamente o sorteo. Que tivemos un problema informático.

Concluído o anterior, non sendo outro o obxecto da convocatoria, pola Presidencia dáse por finalizada a sesión, sendo as 12:30 horas no lugar e data ó principio indicados, estendéndose a presente acta, de todo o que, como secretario, dou fe.

**DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE**

